



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4 DE
NOVEMBRO DE 2010

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUÍZ FERRO

Concelleira

D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro non adscrito

NON ASISTE:

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO
Concelleiro do PP

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catro de novembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE OUTURO DE 2010.
-------------	--

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA EN CONTAS RELATIVA Á IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONÍA MÓBIL.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA EN CONTAS RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE CASAS DE BAÑOS, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVICIOS ANÁLOGOS.
4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA EN CONTAS RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

5º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS, RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS.
6º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2010.
7º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde antes de comezar a sesión, fai constar a falta do concelleiro Sr. Maceira Besteiro por motivos de saúde, desexándolle no nome de toda a Corporación unha pronta recuperación e volver a contar coa súa compañía o antes posible.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE OUTURO DE 2010. Conformes todos os Concelleiros/as coa redacción da acta, así como co seu contido, apróbase por unanimidade a acta da sesión do sete de outubro de 2010. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA EN CONTAS RELATIVA Á IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.

Sr. López Campos, do PP: Simplemente unha aclaración se é posible, eu creo que os catro puntos que levamos de taxas reguladoras, ao tratarse dun tema similar, nós propoñemos que se debatan de forma conxunta e se voten de forma separada. Entón propoño abrir o debate dunha soa vez e facer as votacións de forma separada.

Sr. Alcalde: Encantado, entón lemos o ditame da comisión deste punto, dos seguintes, e ao final faise o debate.

Seguidamente, a secretaria fai constar que obra no expediente a documentación relativa á Comisión de Facenda e Contas celebrada en data 28 de outubro de 2010 que emitiu o seguinte ditame:

“ 2. Imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.-

.....
Deliberado sobre o particular e sometido o asunto a votación, ditamínase favorablemente por unanimidade e elévase ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Establécese a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

Segundo: Apróbase a ordenanza reguladora da taxa referida no apartado anterior, consonte ao texto que se transcribe de seguido:

ORDENANZA FISCAL Nº 39

REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONÍA MÓBIL.

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 de la Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Excmo. Concello da Estrada establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, de acordo coa regulación contida na presente ordenanza, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa regulada na presente ordenanza, a utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local constituído no voo, solo e subsolo de vías públicas municipais ou noutros terreos públicos a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria titulares das empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, con independencia do carácter público ou privado das mesmas, tanto se son titulares das correspondentes antenas, redes ou instalacións a través das que se efectúen as comunicacións como se, non sendo titulares deses elementos, o son de dereitos de uso, acceso, ou interconexión cos mesmos.

Considéranse prestados dentro do termo municipal todos os servizos que, pola súa natureza, dependan do aproveitamento do voo, solo ou subsolo da vía pública, ou estean en relación cos mesmos.

Artigo 3. Responsábeis.

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidariamente, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Exencións e bonificacións

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 5 . Base imponible, tipo de gravame e cota tributaria.

Para determinar a contía da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil que precisan utilizar a rede de telefonía fixa instalada neste Concello, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

A) Base imponible:

A base imponible (BI) deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcúlase:

$$BI = Cmf \times Nt + (NH \times Cmm).$$

Sendo:

Cmf: O consumo medio estimado, en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. O seu importe para o exercicio 2011 é de 50,00 euros.

Nt: O número de teléfono fixos instalados no municipio no ano 2009 (= 8.298).

NH: O 95% do número de habitantes empadroados no concello en 2009 (= 20.837).

Cmm: O consumo medio telefónico, estimado por teléfono móbil por chamadas de móbil a móbil. O seu importe para o ano 2011 é de 263,08 euros.

B) Tipo de gravame:

O tipo de gravame é do 1,4% da base imponible definida no punto anterior.

C) Cota tributaria básica:

A cota tributaria básica global (QB) determinarase aplicando o tipo de gravame á base imponible.

$$QB = 1,4\% \text{ s/ BI}$$

$$\text{Cota tributaria por operador} = CE \times QB.$$

Sendo:

CE: O coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, incluíndo as modalidades de postpago e prepago.

O valor da cuota tributaria básica global (QB) para o ano 2011 é de 82.553,77 €. (=1,4% sobre 5.896.697,96)

D) Imputación por operador:

Para o ano 2011, os valores de CE e a cota trimestral correspondentes a cada operador son os seguintes:

operadora	coeficiente específico final (CMT 2009)	cota trimestral
<i>Telefónica Móviles</i>	<i>47,99 %</i>	<i>9.904,39 €</i>
<i>Vodafone</i>	<i>31,91 %</i>	<i>6.585,72 €</i>
<i>Orange</i>	<i>17,12 %</i>	<i>3.533,30 €</i>
<i>Yoigo</i>	<i>1,39 %</i>	<i>286,87 €</i>

As cotas trimestrais que deben satisfacer os operadores relacionados son a cuarta parte do importe que resulta de aplicar o coeficiente CE á cota tributaria básica establecida no apartado c) deste artigo.

Para efectos de determinar o coeficiente CE, os suxeitos pasivos poderán probar ante o Concello que o coeficiente real de participación no exercicio anterior ao de devengo da taxa foi distinto. Neste caso, as autoliquidacións trimestrais axustaranse aplicando o coeficiente acreditado polo obrigado tributario.

Artigo 6. Período impositivo e devengo..

O período impositivo coincidirá co ano natural. O nacemento da obriga tributaria prodúcese o primeiro día do período impositivo.

Artigo 7. Réxime de declaración e de ingreso.

1. As empresas operadoras de servizos de telefonía móbil relacionadas no artigo 5 deberán presentar a autoliquidación e efectuar o ingreso da cota trimestral que establece o dito artigo nos meses de abril, xuño, outubro e decembro.

2. As demais empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil presentarán a súa declaración con base nos parámetros establecidos no artigo 5 e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante o ano 2011.

3. Unha vez concluído o exercicio 2011, os suxeitos pasivos que probaran, con base en datos oficiais, que a súa participación neste período houbera diferido da porcentaxe aplicada para o cómputo da taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización procedente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª. Actualización dos parámetros do artigo 5º.

Os valores dos parámetros Cmf, Cmm, NH e Nt poderán ser obxecto de modificación se así resultara procedente en futuros exercicios.

Ata tanto non se modifique a presente ordenanza, seguirán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercicio 2011.

Con posterioridade a 2011, as referencias a ese ano contidas nos artigos 5 e 7 entenderanse feitas a cada un dos exercicios en que se aplique a ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.

Os artigos desta ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas, se remitan á lexislación vixente ou á normativa complementaria, ou reproduzan aspectos delas, entenderase automaticamente modificados e/ou substituídos no intre en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día de de 2010, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia; comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. ”

Sometido o asunto a votación, adóptanse por unanimidade os seguintes acordos:

Primeiro: Establecer a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil,.

Segundo: Aprobar a ordenanza reguladora da taxa referida no apartado anterior, consonte ao texto anteriormente transcrito

Sr. Alcalde: Hai un problema, no punto 5º hai unha emenda ao acordo da comisión, polo tanto se se vota unha por unha, teremos que votar a emenda antes de votar o ditame.

Sr. López Campos, do PP: Boa tarde, como comentaba ao principio estes catro puntos que constan na orde do día de hoxe, son temas bastante similares, e teñen unha repercusión relativa algúns deles e outros unha repercusión un pouco máis profunda que nós cremos que debería ser obxecto dunha análise un pouco máis detallada. Estamos de acordo en que determinadas taxas, servizos e aproveitamentos lucrativos que se prestan, deben proceder ao pagamento da correspondente taxa, entendemos que propostas que se levan nestes catro puntos non son tan acaídas ao momento actual e á situación económica actual; polo tanto facemos a exposición conxunta e analizamos unha por unha e facemos a votación por separado e nesa votación tamén expresaremos cal é o sentido do noso voto. Polo que respecta á taxa polo aproveitamento do dominio público por telefonía móbil, está claro e o PP xa o expresou na comisión informativa e mantémolo é unha taxa que estamos totalmente de acordo, ata a actualidade non se levou a cabo por certos problemas legais ata o punto de que ese tipo de taxas e sobre o que é ese tipo de taxas, agora parece que a través da FEGAMP e dalgunha sentenza, valórase positivamente a posibilidade de efectuar e de que os concellos poidan poñer ao cobramento esa taxa, e polo tanto nese punto o PP está de acordo, mantén o voto da comisión informativa e apoia a posta en marcha a instauración desa nova taxa.

No que respecta ás instalacións deportivas, máis en concreto a introdución dunha nova taxa para uso e disfrute do campo de fútbol de herba sintética de Figueroa, tamén convimos que é un campo que no seu momento tivo un custo de execución importante a través dun convenio coa Deputación de Pontevedra; sabemos ademais e facemos un chamamento a que esas instalacións teñan un tratamento e un coidado axeitado, porque parece que hai certas queixas non se está facendo o tratamento que necesitan ese tipo de campos de fútbol, pois é verdade que ese tipo de campos de fútbol cada vez necesitan un mantemento maior e a verdade é que eu tiven oportunidade de estar a semana pasada alí e coas chuvias que caeron o campo empeza a estar nun estado difícil e encharcado, porque seguramente non se coidaron as súas drenaxes na forma actual e hai que facer un chamamento para facer en forma debida as instalacións deportivas, en concreto esa do Campo de Fútbol de Figueroa e tamén sabemos que a súa ocupación actual polos clubs deportivos e federados é moi elevada, que practicamente a todas horas se desenvolven actividades deportivas nese campo de fútbol e o impacto que poida ter o cobramento desa taxa ou a posta a disposición das infraestruturas para uso e disfrute dos particulares sería unha repercusión mínima e sería coherente, non entrando a debater sobre o importe que se está establecendo de 24 ou 48 €, entraría dentro do que é habitual noutras instalacións deportivas do Concello, polo tanto aí o PP entende que esa taxa se xestione de forma eficiente e se permita que as instalacións presenten un mellor estado; consideramos e daremos o noso voto a favor tamén á posta de marcha desta taxa no que son o Campo de Fútbol de Figueroa e o que si é que supoño que terá unha repercusión nos meses de verán cando decae a actividade por parte dos particulares, o que si está claro é que tamén habería que regular e facer un esforzo porque o persoal que leva a xestión das instalacións deportivas facilite o acceso das persoas que queren usar esas instalacións, xa que se lles vai cobrar esa taxa, e polo demais deixando esas pinceladas, esas referencias o noso voto será favorable tamén ao cobramento desa taxa das instalacións deportivas.

No que respecta ao seguinte punto, xa discrepamos co criterio establecido polo Goberno, cremos que actualmente estamos nunha situación económica complicada, as familias en xeral están a pasar unha situación difícil e creo que neste momento é cando a Administración ten que facer un esforzo para que a calidade de vida, a mellor forma de que poidan compartir e disfrutar de todas as actividades e de todas as posibilidades que lles ofrece o propio Concello, nesa liña non nos parece acaído neste momento expoñer a posta en marcha dunha taxa para cobrar polos dereitos de exames, parécenos ademais que é especialmente inxusto porque recae sobre un grupo de poboación que polas súas características non ten un posto de traballo e é xente nunha idade bastante moza e polo tanto non ten recursos e poñer unha taxa para a realización de exames cando ata o de agora non se fixo nunca e o Concello da Estrada non se lles cobraba ás persoas que querían asistir a concursar a unha praza pública, non nos parece que este sexa o momento máis axeitado para empezar a cobrar unha taxa de 20 € para uns grupos determinados ou 15 € ou 10 €, non nos parece o momento axeitado, non nos parece a decisión correcta entendemos que neste caso concreto no que é o dereito de todo mundo de participar no acceso á función pública non se debe gravar aínda máis do que están na situación actual, e polo tanto tendo en conta todas esas situacións o PP vai votar de xeito desfavorable e non imos participar co noso voto coa posta en marcha dunha nova taxa recadadora que grave o custo que teñan que pagar os nosos veciños e sobre todo nun tema como é o do acceso á función pública, a un posto de traballo no Concello da Estrada e polo tanto parécenos pouco afortunada e oportuna neste momento.

No relativo á taxa por licenzas urbanísticas, tampouco estamos de acordo, e non estamos porque nos parece unha taxa completamente inxusta, e establecer o que se denomina agora unha tarifa plana para cobrar por unha taxa por unha licenza de primeira ocupación, calquera tipo de edificación que estea onde estea, custe o que custe e teña os metros cadrados que teña, tampouco non é o que nos parece o máis axeitado neste momento, pois aínda que si é certo que esta taxa recaerá sobre os promotores, tamén é certo e todos o sabemos, e nalgún caso cando falamos daquela taxa que poñía a Xunta de Galicia para o transporte animal, recorde Sr. Espiño que falaba que ao final esas taxas repercutíense no consumidor, polo tanto é unha taxa que vai pagar o promotor pero que vai repercutir no prezo da vivenda, polo que non nos parece xusto que un piso de 40 m² no fondo de Fernando Conde teña que pagar 95 € por licenza de primeira ocupación e un piso de 300 m² na Praza do Concello teña que pagar os mesmos 95 €, non nos parece xusto, dende logo nós somos máis partidarios dunha medida progresiva, en función do valor que poida ter o inmovible e o Concello da Estrada ten recursos suficientes para tomar medida nesa liña, un proxecto que se presenta no Concello para obter licenza de construción, temos un valor estimado, cobramos unha taxa por licenza de construción e ese mesmo valor que é unha porcentaxe do valor do inmovible, pareceríanos máis xusto que se reflectise tamén no que é a licenza de primeira ocupación e non establecer esa tarifa plana que como xa dixen é discriminativa e sobre todo prexudica aos que menos teñen e polo tanto nós avogamos por poñer en marcha unha serie de tipos impositivos que sexan necesarios, pero dende logo nós non estamos de acordo en incrementar a carga impositiva aos veciños da Estrada, pero si é certo que parece máis razoable establecer un escenario de tipos que sexa progresivo e que o que máis patrimonio teña, o que máis recursos teña máis pague, o que teña máis valor en función dos metros cadrados e da situación, e en definitiva polo valor marcado no proxecto de execución, e se pague en función diso e non esa tarifa plana que discrimina ás persoas con menos recursos, polo tanto pola nosa parte nada máis e anunciar que pola nosa parte o voto vai ser en contra.

Sr. Reboredo Baños: *Eu non vou ser reiterativo nas exposicións que fixo o voceiro*

do PP, pois en esencia xa coincidimos na comisión. Nós na primeira estamos de acordo que as teleoperadoras que contribúan á actividade lucrativa, polo que o Concello debe cobrar por ese concepto. Imos votar a favor da de instalacións deportivas, estamos en desacordo porque cremos que a repercusión vai ser mínima, se os equipos federados e os colexios están exentos desa taxa, vai ter pouca repercusión ou case ningunha. En todo caso, entendendo que pode ser obxecto de solicitude incluso por colectivos alleos aos cidadáns da Estrada que poden solicitar unha actividade deportiva desa instalación ata nos pode parecer correcto para que se se presta se poida cobrar esa taxa ou que se poida prestar porque hai unha taxa tamén. Non estamos de acordo tampouco co tema das taxas por exames por dúas razóns, unha a que anunciou Xosé López porque vai dirixida a un colectivo que está pasando por unha situación económica difícil, estamos pasando todos pero eles moito máis, as enquisas que están no mercado falan que un 40% - 50% dos menores de 30 anos non teñen traballo, polo que están no paro ou desempregados e polo tanto cremos que a repercusión que vai ter na recadación, porque o Cadro de Persoal do Concello practicamente está toda cuberta, e é máis un xesto cara a cidadanía de comprensión e apoio o non establecer esa taxa. E tamén porque non hai un informe, e así consta no expediente, non hai un estudo de custos e dá a sensación de que aquí as taxas se fixan en función do que pasa noutros concellos ou ocorréusenos isto. Un dato simplemente significativo, o Grupo de Goberno tenta de fixar unhas taxas de 20 € para exames e Santiago de Compostela creo que ten 11,5 € polo tanto vemos que aí non hai unha xustificación real, eses son os datos que eu manexo, entón imos votar en contra por esa razóns, e no tema do proxecto da licenza de taxa por primeira ocupación, nós estamos de acordo con ela, o Concello presta un servizo polo tanto debe cobralo, pero xa manifestamos na comisión que non era o procedemento correcto o que expón sobre a mesa, porque é liñal e entón estamos no de sempre, eu fago un castelo no centro da farola de 500 m por planta e vou pagar o mesmo que vai pagar un piso de 90 m², entón nós expuxemos na comisión e non se nos fixo caso, e en todo caso volvémoslo expoñer aquí, a nós parécenos que o máis correcto é fixar unha porcentaxe en función do proxecto de execución, é dicir un proxecto de execución de tres millóns de euros, aplicámoslle a taxa que determinemos e que os técnicos valoren para que saia unha cantidade asumible para o Concello e para os promotores e parécenos o máis lóxico. Como non hai vontade por parte do Grupo de Goberno de entrar nese debate de chegar a unha porcentaxe de aplicación, entón nós evidentemente vémonos obrigados a votar esa taxa en contra.

Sra. Ruíz Ferro, do BNG: Vou contestar tamén aos dous, porque en realidade xa dicíamos que estabades coincidentes na análise destas modificacións. En primeiro lugar quero dicir que as taxas este ano non se soben, están conxeladas, outra cousa é que pensemos que hai un baleiro nunha serie de ordenanzas que xa figuran con epígrafes distintos. O Sr. López di que nos momentos actuais, o tema deportivo, tamén temos que dicir que unha vez que os equipos federados e os colexios están libres desta taxa, non é máis que para o verán e incluso pode ser un tema de xente de fóra incluso, organizado por outros veciños que non sexan da Estrada, iso polo que respecta ao Campo de Fútbol de Figueroa, e tamén temos que dicir que aínda que non tivo un custe no momento de facelo, si ten un gasto de mantemento en concreto por parte de persoal, e xa está custando en mantemento e parecía que non esixía investimento de cartos e si se está investindo no problema que ten de auga. Iso polo que respecta ao punto 3. O punto 4 sobre os dereitos de exame temos que dicir que falaba o Sr. López de que era unha taxa recadadora, as taxas nunca son recadadoras, cobren os gastos e neste caso nin iso, pois xa sabemos o que custan os tribunais e o que custa facer todo o proceso. Respecto a iso tamén queríamos dicir que o primeiro que teríamos que facer sería unha solicitude á Xunta para que

suprimisen as taxas da Xunta aos exames porque esas ademais si son, comparadas coas que nós poñemos, si son importantes, para o Grupo I: 40,64 € fronte a 20 €, o dobre; para o Grupo A2 eles 35,08 €; para o Grupo C 30,56 €, nós 15 €; para o Grupo Csub2 24,90 € nós 15 €; e para os AP 20,37 € e nós 10 € e e máis 20,37 e neste grupo si que é verdadeiramente gravoso, entón habería que empezar por aí, solicitar que suspendesen esas taxas por dereitos de exame. Despois temos as licenzas urbanísticas que se fixo a modificación despois de consultar de novo co arquitecto para saber o que está máis axustado ao que queremos cobrar, xa está case todo axustado pois os demais concellos teñen unhas taxas bastante máis altas, entón as licenzas por primeira ocupación, son os servizos facultativos non dependen de onde estean ou onde deixen de estar é un servizo facultativo que o arquitecto ten que vixiar o que se fixo que estea de acordo coa licenza solicitada e entón é unha taxa que ten que cubrir os servizos prestados, non é outro tipo de tributo.

Sr. López Campos: *Dous minutos nada máis. É curioso cando un ten que xustificar o que sempre criticou, é curioso como rapidamente se cae en contradicións e vémolo analizando simplemente a documentación que se nos achega para a análise do expediente das taxas, a gran incongruencia á que chega o BNG e xa sei que este tema das taxas é un tema que ao BNG lle xera certa antipatía e certos problemas falar delas, pero ás veces toca falar e cando vostedes o traen aquí dá para debater e é curioso porque fala a concelleira de que a taxa ten que cubrir o custo do servizo, é o lóxico tamén sabemos que na maioría das taxas que se están a cobrar non é así pero é certo que cun simple vistazo da documentación que achegamos, xa rapidamente se cae por completo o argumento do BNG, curiosamente o informe de Intervención é desfavorable porque non existe o obrigatorio e legal estudo de custes económicos para poñer en marcha unhas taxas municipais, entón automaticamente o seu argumento cae polo seu propio peso. Vostede non é capaz aquí de certificar se as taxas que están ponendo en marcha ou van poñer en marcha hoxe cobren os custos reais dos servizos que van prestar por que o informe de Intervención é claro e contundente desfavorable e desfavorable porque vostedes non fan ese estudo de custos polo tanto, claro unha cousa é falar e outra cousa é executar ou xestionar, e cando se xestiona pois se cae neste tipo de inconcreccións, polo tanto non me fale de que o custe de utilizar o campo de fútbol de Figueroa ou o custe de asistir a un exame ou custe dunha licenza de primeira ocupación ten unha valoración xusta e exacta do custe que representa a súa execución para o Concello porque entón están contradicindo frontalmente o informe da secretaria municipal co informe desfavorable, o de Intervención perdón. Tamén comentaba outra verdade relativa, que existen en política moitas verdades relativas e o BNG nisto é bastante experto e nesas verdades relativas, non, fala de que na súa verdade realidade virtual non se soben as taxas no Concello da Estrada, non, non se soben as taxas pero se crean taxas novas, polo tanto explíqueme a min cal e a diferenza. Vostedes non subiran as taxas que aí pero estas empezando a recaudar e a cobrar os servizos onde neste Concello nos últimos 30 anos nunca se cobrou, e estanos empezando a poñer en marcha, curiosamente, sorprendentemente a finais do ano 2010, no momento de crise económica máis acruciante, no momento no que as familias estradenses o están pasando peor, e vostedes por un lado intentan dar un exemplo de que non soben taxas pero por outro lado están cargando aos petos dos veciños máis impostos que antes non pagaban, polo tanto explíqueme vostede cal é a diferenza entre subir taxas ou crear novas taxas que nunca existiron, polo tanto é un sen sentido e eu sei que isto para o Bloque Nacionalista Galego é un tema espiñoso que non lle gusta falar por posturas e posicionamentos que tivo no pasado, pero como lle gusta dicir ao Señor Espiño, daquelas augas estes lodos e ao final pois todo, todo soe vir, ao final todo sole vir de volta e cando un se excede en determinados temas pois agora adoita pagar as consecuencias, e sei que este é un*

tema bastante conflictivo, pero e certo que incrementan e poñen novas taxas que antes os cidadáns non tiñan que pagar e taxas que prexudican gravemente a determinados sectores desfavorecidos, aos xoves e aos desempregados para poder asistir a un dereito fundamental que é acceder a unha praza na función pública neste caso no Concello da Estrada. Que hai outros organismos que as teñen en marcha?, perfecto. O Partido Popular desde logo nunca poñería en marcha unha nova taxa da situación económica actual que gravase ese tipo de colectivos de desfavorecidos, o que pasa é que, está claro que haxa diferenza entre algúns partidos que se travisten, que se travisten claramente cando forman parte do Goberno ou ocupan un sillón de relevancia nunha Corporación Municipal e polo tanto está claro que aquí hai dúas formas de entender a realidade cando se está nun lado e cando se está noutro e neste caso eu infórmolles que están incumprindo dous preceptos básicos na filosofía vital do BNG, dous. Van aprobar unhas taxas con informe de Intervención en contra, cousa que se fartaron de criticar durante a etapa do Partido Popular, informes en contra, e van aprobar vostedes as taxas, e á parte advertindo que son ilegais de pleno dereito e que hai taxas que están recorridas e que hai sentenzas que están recorridas as taxas por non ter o debido estudo de custes que e a base fundamental que ten que desenvolver un sistema de taxas. Primeiro punto que están incumprindo os seus 10 mandamentos políticos e outro punto que están incumprindo é que están facendo máis gravosa e están facendo pagar máis a veciños que antes non tiñan que pagar por determinados servizos, polo tanto, eu recoméndolles que fagan un acto de contrición e que valoren o que estaban facendo

Sr. Reboredo Baños: *Mire nós non falamos de afán recadatorio na primeira intervención na, pero agora imos dicilo, afán recadatorio. Por tanto a referencia que fixo vostede non procedía. Mire, é certo que os servizos hai que prestarllos aos cidadáns, pero hai que cobrarlles taxas pero hai que presentarllos con garantía, é dicir, hai que darlles uns servizos acordes á taxa que pagan, se por exemplo, que é o que me temo, e o que está a pasar, se por xogar no campo de fútbol da Baiuca, ou no de Figueiroa cobramos unha taxa de 40 ou 24, 48 euros dependendo do día e da hora por darlle a chave, como pasa nas pistas de tenis. E dicir, vai alí un veciño da Estrada, danlle unha chave vai e arréglate. Ben pois se iso é un servizo ben prestado, apaga e vamos. Se gastan, claro que gastan luz, pero evidentemente hai que darlles outro servizo ou andamos repartindo chaves, no ven, vas alí colles a chave abres, pois haberá que darlles servizo, haberá que abrírlles as instalacións, haberá que telas en condicións. En todo caso, o que dixemos, na taxa de primeira ocupación, evidentemente ese servizo hai que prestalo e hai que cobralo, pero nós dicíamos que non existían ese estudo de custos e por tanto informan en contra de Intervención porque que garantía, temos de que a taxa que se vai cobrar de 130 € o 95 € por vivenda é a xusta. Nós entenderemos que non, e volvo poñer o exemplo: un castelo dunha planta de 500 m², ou de dúas plantas de 500 m², esixirá máis tempo, por tanto máis esforzo dos servizos administrativos do Concello para valorar se esa licenza se adapta á corresponde licenza concedida, que unha casa que teña 45 m², entendemos que terá un custe de servizo administrativo máis alto para o Concello, e hai que emprestalo por tanto entendemos que vostedes seguen nesas trece, nós dicíamos claramente que nós votariamos a favor se se fixa unha taxa pola porcentaxe de proxecto de execución. Como vostedes non teñen esa intención pois nós sigan vostedes para diante e nós votaremos en contra.*

Sra. López Doce, do BNG: *Por aclarar algunhas manifestacións fundamentalmente do voceiro do Partido Popular, non estamos inflixindo ningún dos nosos principios Señor López Campos, aínda que a vostede lle pareza mal. O que estamos aprobando hoxe, quizais vostede non aprendese a diferenza, hai distintos tipos de tributos uns son os impostos como o da Lei de augas universal que grava a todos os cidadáns*

independentemente de que a administración pública lle preste un servizo e outro tributo son as taxas, que pagan aquelas persoas que son usuarias dun determinado servizo e se vostede non ten clara esa diferenza é normal que se lie e que se confunda como acaba de manifestar vostede neste Pleno. O problema son os impostos, e os impostos indirectos, como os que vostede como parlamentario do Grupo do Partido Popular no Parlamento Galego, apoiou a semana pasada no Parlamento, vólvolle a recordar a Lei de augas que aproba dous tributos, un imposto e unha taxa. En segundo lugar, no Concello da Estrada están conxeladas as taxas municipais, a situación económica ao igual que a situación dos nosos veciños e veciñas non é boa os ingresos levan anos consecutivos de redución e non se prevé a curto prazo un incremento dos ingresos municipais, non imos subir os impostos que pagan que pagan os veciños e as veciñas e o que si lle podemos certificar é que ningunha das taxas ou os conceptos que hoxe veñen a Pleno era a cuestión que plantexaba vostede, cobren custos todas están por debaixo, non se establecen de maneira arbitraria evidentemente non é unha cantidade a tanto alzado, fixéronse estudos do custe e estimacións do que custa a prestación destes servizos no noso Concello e comparáronse coas taxas que polos mesmos conceptos se cobran noutros concellos ou noutras administracións, no caso dos dereitos de exame é obvio que con 20 € por persoa que se inscriba para facer unhas oposicións do grupo “A” atendendo a que todos os membros do tribunal teñen que ser da mesma ou superior titulación, é dicir con 20 € non se cubre o custo sesión da constitución do tribunal nin das reunións posteriores de traballo iso a simple vista xa se ve. O tema do campo de herbas sintéticas, Señor Reboredo, non só é dar a chave, hai que ter unha persoa, un funcionario que á hora a que se solicita instalación a abra e á hora a que finaliza a solicitude a peche. Esa instalación durante ese tempo ten un uso e para o Concello supón un gasto. Poque ten un deterioro, hai un contrato de mantemento, para a limpeza da herba sintética, o regado da herba sintética, a semana pasada que foi a Xunta de Goberno a adxudicación a unha empresa especializada porque isto non o pode facer calquera para facer uns traballos especiais de mantemento que xa se facían imprescindibles, é dicir o Concello ten uns gastos que co que se trata con estas taxas non é de cubrir os custes e os gastos que o Concello ten senón simplemente buscar unha forma de contribuír a que o Concello poida continuar prestando eses servizos o mesmo que a Taxa pola licenza de primeira ocupación que como vostedes agora recoñecen é dicir o Señor López agora continua liándose entre o como é un tributo non diferenza entre imposto e taxa, pero recoñecen durante as intervencións que están a facer sobre todo o Señor Reboredo que é unha taxa pola prestación dos servizos facultativos, administrativos e máis os de carácter técnico dos técnicos municipais. Entón está establecida coa información que facilitaron os técnicos municipais do custe do tempo que é necesario e ademais figura no expediente. Entón, nada máis que dicir eu creo que con isto é suficiente, estamos aprobando novas taxas para compensar custes, non para cubrilos.

Sr. Alcalde: Rematado o debate pasamos entón a votación punto por punto.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA EN CONTAS RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE CASAS DE BAÑOS, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVIZOS ANÁLOGOS.

A Secretaría dá lectura ao acordo de ditame adoptado pola Comisión de Facenda e Contas celebrada o 28 de outubro de 2010, que seguidamente se transcribe:

“ 3. Modificación da ordenanza reguladora da taxa por servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos.-

Sometido o asunto a votación, prodúcense os seguintes votos: catro a favor (B.N.G. e P.S. de G.-PSOE) e dous máis un medio de voto de abstención (P.P. e o concelleiro non adscrito señor Reboredo), polo que se ditamina favorablemente e se eleva ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Modifícase, nos seguintes termos, a ordenanza reguladora da taxa por servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos:

I. Engádese un novo parágrafo ao artigo 2, que queda co seguinte contido:

“Artigo 2. Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, especificados na tarifa da ordenanza.

2.- Non estarán suxeitas a gravame as utilizacións do polideportivo e do campo de fútbol de Figueroa organizadas polo propio concello, así como as realizadas para adestramentos e competicións de equipos federados, e cando os seus promotores sexan colexios de ensino infantil e primario ou centros de ensino secundario.”

II No Anexo primeiro (tarifas).-

A) Engádese o seguinte parágrafo:

“ V. Campo municipal de herba sintética de Figueroa

utilización	sen luz artificial	con luz artificial
	euros / hora	
100% da superficie	24,00	48,00
50% da superficie	12,00	24,00 ”

B) Suprímense os dous últimos parágrafos, referentes ás tarifas especiais do Polideportivo e ás exencións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día de de 2010, entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.”

Sometido o asunto a votación, adóptanse por unanimidade os seguintes acordos:

Modificar, nos seguintes termos, a ordenanza reguladora da taxa por servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos:

I. Engadir un novo parágrafo ao artigo 2, que queda co seguinte contido:

“Artigo 2. Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, especificados na tarifa da ordenanza.

2.- Non estarán suxeitas a gravame as utilizacións do polideportivo e do campo de fútbol de Figueroa organizadas polo propio concello, así como as realizadas para adestramentos e competicións de equipos federados, e cando os seus promotores sexan colexios de ensino infantil e primario ou centros de ensino secundario. ”

II No Anexo primeiro (tarifas).-

A) Engádir o seguinte parágrafo:

“ V. Campo municipal de herba sintética de Figueroa

utilización	sen luz artificial	con luz artificial
	euros / hora	
100% da superficie	24,00	48,00
50% da superficie	12,00	24,00 ”

B) Suprimir os dous últimos parágrafos, referentes ás tarifas especiais do Polideportivo e ás exencións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día de de 2010, entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. ”

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA EN CONTAS RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. A Secretaria dá lectura ao acordo de ditame adoptado pola Comisión de Facenda e Contas celebrada o 28 de outubro de 2010, que seguidamente se transcribe:

“ 4. Modificación da ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.-

.....
Sometido o asunto a votación, prodúcense os seguintes votos: catro a favor (B.N.G. e P.S. de G.-PSOE) e dous máis un medio de voto de abstención (P.P. e o concelleiro non adscrito señor Reboredo), polo que se ditamina favorablemente e se eleva ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Modifícase, nos seguintes termos, a ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos:

I. Engádesse un novo parágrafo ó artigo 7º, coa seguinte redacción:

Artigo 7º.- Tarifa.

“DEREITOS DE EXAME:

14.- Os interesados en participar nos procedementos de selección e promoción de persoal satisfarán a cota que corresponda dentro das fixadas no seguinte cadro, atendendo á titulación esixida nas bases aprobadas en cada caso e de acordo coa clasificación contida no artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público:

<u>clasificación</u>	<u>euros</u>
Subgrupo A1	20,00
Subgrupo A2	20,00
Subgrupo C1	15,00
Subgrupo C2	15,00
Agrupacións profesionais referidas na disposición adicional sétima do Estatuto Básico do Empregado Público	10,00”

II Engádese un novo parágrafo ó artigo 8º, coa seguinte redacción:

Artigo 8º.- Obriga de contribuír.

“ 3. As cotas son irreducibles, agás nos supostos do epígrafe 14 do artigo 7º, en que procederá a devolución do 50 por cento do importe satisfeito a favor do interesado que formule renuncia expresa a participar nas probas selectivas e solicite a devolución mediante escrito con rexistro de entrada anterior á publicación oficial da lista de admitidos. Á mesma porcentaxe de devolución terá dereito quen, figurando na lista definitiva de excluídos, presente o escrito de solicitude no prazo de un mes a partir da correspondente publicación”.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día de de 2010, entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. ”

Sometido o asunto a votación, resultan doce votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito votos en contra (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto, Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría, adóptanse os seguintes acordos:

Modificar, nos seguintes termos, a ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos:

I. Engádir un novo parágrafo ó artigo 7º , coa seguinte redacción:

Artigo 7º.- Tarifa.

“DEREITOS DE EXAME:

14.- Os interesados en participar nos procedementos de selección e promoción de persoal satisfarán a cota que corresponda dentro das fixadas no seguinte cadro,

atendendo á titulación esixida nas bases aprobadas en cada caso e de acordo coa clasificación contida no artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público:

clasificación	euros
Subgrupo A1	20,00
Subgrupo A2	20,00
Subgrupo C1	15,00
Subgrupo C2	15,00
Agrupacións profesionais referidas na disposición adicional sétima do Estatuto Básico do Empregado Público	10,00 ”

II Engadir un novo parágrafo ó artigo 8º, coa seguinte redacción:

Artigo 8º .- Obriga de contribuír.

“ 3. As cotas son irreducibles, agás nos supostos do epígrafe 14 do artigo 7º, en que procederá a devolución do 50 por cento do importe satisfeito a favor do interesado que formule renuncia expresa a participar nas probas selectivas e solicite a devolución mediante escrito con rexistro de entrada anterior á publicación oficial da lista de admitidos. Á mesma porcentaxe de devolución terá dereito quen, figurando na lista definitiva de excluídos, presente o escrito de solicitude no prazo de un mes a partir da correspondente publicación“.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día de de 2010, entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. ”

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS, RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS.

Sra. Ruíz Ferro, do BNG: Neste punto temos unha modificación da proposta que fai referencia á licenza de primeira ocupación que quedaría redactada do seguinte xeito:

Unidades de vivendas exentas, arrimadas e agrupadas e os seus locais suplementarios, 130 € por cada vivenda ou local. Edificios para vivendas colectivas e/ou locais 95 € por cada vivenda ou local independente, os restantes edificios o 0,25 % sobre o ornamento de execución material que figure no proxecto dos ditos edificios, ou se fose o caso o que resulte da inspección realizada polos técnicos municipais cun mínimo de 180 €, así é como quedaría.

Seguidamente, a secretaria dá lectura ao acordo de ditame adoptado pola Comisión de Facenda e Contas celebrada o 28 de outubro de 2010, que seguidamente se transcribe:

“ 5. Modificación da ordenanza reguladora da taxa por licenzas urbanísticas.-

.....
Sometido o asunto a votación, prodúcense os seguintes votos: catro a favor (B.N.G. e P.S. de G.-PSOE) e dous máis un medio de voto de abstención (P.P. e o concelleiro non adscrito señor Reboredo), polo que se ditamina favorablemente e se eleva ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Modifícase, nos seguintes termos, a ordenanza reguladora da taxa por licencias urbanísticas:

I. O artigo 2º (“Feito imponible”) queda coa seguinte redacción:

“Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos á licenza municipal á que se refire o artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, e que deban realizarse no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas de edificación e policía previstas na dita Lei e no planeamento e normas urbanísticas deste concello e demais que resulten de xeral aplicación.”

II. Engádesse un segundo parágrafo ó artigo 6º (“Cota tributaria”) coa seguinte redacción:

2. Cando a actividade urbanística municipal teña por obxecto as licenzas de primeira utilización ou de cambio de uso de edificios, aplicarase o seguinte cadro de tarifas:

suposto	contía
1º.- Unidades de vivendas exentas, arrimadas e agrupadas, e os seus locais complementarios.	130 euros por cada vivenda ou local.
2º.- Edificios para vivendas colectivas e / ou locais.	95 euros por cada vivenda ou local independente.
3º.- Os restantes edificios.	o 0,25 por cento sobre o orzamento de execución material que figure no proxecto dos ditos edificios, ou, se fose o caso, do que resulte da inspección realizada polos técnicos municipais, cun mínimo de 180 euros.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día de de 2010, entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. ”

En primeiro lugar, sométese a votación a emenda introducida pola concelleira de Facenda, resultan doce votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito votos en contra (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maíssa Rodrigo, Goldar Soto, Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez, polo que por maioría absoluta apróbase a introdución da emenda á moción presentada que deseguido se transcribe literalmente:

Unidades de vivendas exentas, arrimadas e agrupadas e os seus locais suplementarios, 130 € por cada vivenda ou local. Edificios para vivendas colectivas e/ou locais 95 € por cada vivenda ou local independente, os restantes edificios o 0,25 % sobre o ornamento de execución material que figure no proxecto dos ditos edificios, ou se fose o caso o que resulte da

inspección realizada polos técnicos municipais cun mínimo de 180 €, así é como quedaría.

Sometido a votación o ditame da Comisión de Facenda e Contas, resultan doce votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito votos en contra (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto, Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría absoluta, adóptanse os seguintes acordos:

“Modificar, nos seguintes termos, a ordenanza reguladora da taxa por licenzas urbanísticas:

I. O artigo 2º (“Feito imponible”) queda coa seguinte redacción:

“Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos á licenza municipal á que se refire o artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, e que deban realizarse no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas de edificación e policía previstas na dita Lei e no planeamento e normas urbanísticas deste concello e demais que resulten de xeral aplicación.”

II. Engádir un segundo parágrafo ó artigo 6º (“Cota tributaria”) coa seguinte redacción:

2. Cando a actividade urbanística municipal teña por obxecto as licenzas de primeira utilización ou de cambio de uso de edificios, aplicarase o seguinte cadro de tarifas:

suposto	contía
1º.- Unidades de vivendas exentas, arrimadas e agrupadas, e os seus locais complementarios.	130 euros por cada vivenda ou local.
2º.- Edificios para vivendas colectivas e / ou locais.	95 euros por cada vivenda ou local independente.
3º.- Os restantes edificios.	o 0,25 por cento sobre o orzamento de execución material que figure no proxecto dos ditos edificios, ou, se fose o caso, do que resulte da inspección realizada polos técnicos municipais, cun mínimo de 180 euros.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do día de de 2010, entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. ”

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2010. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 833 e 934 correspondentes ao mes de setembro de 2010.

O Concello queda sabedor.

MOCIÓNS DE URXENCIA

MOCIÓN DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Por parte da concelleira do PsdeG – PSOE Sra. Asorei Brea, sométese á votación do Concello Pleno a urxencia dunha moción que condena a violencia de xénero. Xustifica a urxencia, debido á proximidade do 25 de novembro, nos que se conmemora internacionalmente o Día Contra a Violencia de Xénero. Fai constar así mesmo que o seu contido é coñecido por todos os grupos por ter sido comunicado aos voceiros dos mesmos.

Sometida a urxencia a votación, é aprobada por unanimidade.

Seguidamente e efectuada a votación a Corporación aproba por unanimidade de todos os seus membros a Moción do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero que seguidamente se transcribe de xeito literal:

“Dende a Corporación Municipal da Estrada queremos facer un chamamento á rebelión colectiva da cidadanía contra a violencia de xénero: non podemos consentir que esta situación siga manténdose e debemos poñer, todos e todas, o noso máis enerxético empeño en romper esta dinámica criminal, e protexer as vítimas. A todas a vítimas.

Neste día, as mulleres e homes debemos mostrar o noso recoñecemento ao coraxe e á valentía de tantas mulleres que, día a día, logran superar o medo e as barreiras – psicolóxicas, sociais, familiares, relixiosas...- levantadas ao longo dos séculos de dominación machista, para rebelarse contra o seu maltratador e levalo ante a Xustiza.

Queremos denunciar a vergoñenta e criminal campaña emprendida por algunhas persoas que pretenden instalar na nosa sociedade a falsa idea de que moitas das denuncias de maltrato que se presentan son falsas, cando os datos demostran todo o contrario.

Dende o convencemento de que hoxe máis que nunca é necesaria a complicidade de todos os homes e mulleres deste país para loitar contra esta violencia. Porque o problema é de todos e non só das vítimas, sendo tamén de toda a sociedade, o deber da denuncia. Se ante unha agresión volvemos a cabeza e calamos, estamos colaborando a crear espazos de impiedade para os agresores e a incrementar o sufrimento das vítimas, na súa maioría mulleres, pero tamén dos seus fillos e fillas.

No que vai de ano, 58 mulleres e 4 nenos e nenas foron asasinados pola violencia de xénero. Calcúlase que, aproximadamente 800.000 nenos sofren, no seu entorno e con gran intensidade, a violencia de xénero. Estes menores necesitan unha protección especial e o apoio de toda a cidadanía para saír da espiral de violencia que sofren, sufriron ou sufrirán.

Sabemos que as nenas e nenos que medran nestes fogares padecen secuelas que poden durarlles toda a vida. Diminución do rendemento escolar, insomnio, pesadelos, fobias, ansiedade, agresividade... son só algúns dos síntomas que presentan os e as menores que conviviron coa violencia de xénero. Ademais, a aprendizaxe dos modelos violentos e roles de xénero equivocados poden conducirlos a repetir esas condutas, tanto no papel de vítimas como de agresores, coa conseguinte reprodución da violencia de xénero.

A Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero que promulgou o Goberno do Estado en decembro de 2004, non só protexe ás mulleres, senón tamén ás vítimas infantís da violencia de xénero. O pasado mes de abril, o Goberno promoveu destinar un orzamento específico para a prevención e protección das vítimas infantís da violencia de xénero e elaborou un Protocolo de actuación para as Comunidades Autónomas, que agora estas deben poñer en marcha de maneira urxente.

Pero non é suficiente coa protección institucional, por máis que esta exista e sexa cada vez maior: a denuncia é a única porta para poñer en marcha todo o sistema de protección, tanto para as mulleres como para todo o seu entorno. Este ano asistimos a un triste escenario: a

maioría das vítimas asasinadas non denunciaron aos seus maltratadores e, polo tanto, non puideran ser protexidas. O silencio é o mellor cómplice dos maltratadores posto que lles proporciona a total impiedade e unha ampla liberdade para cometer os seus brutais actos. Por isto é tan importante a denuncia dos agresores.

Dende a Corporación Municipal da Estrada queremos facer un chamamento á conciencia de toda a cidadanía para mobilizarse contra os maltratadores, para que non atopen ningunha fenda de impiedade para os seus terribles actos.

Coa lealdade e corresponsabilidade de todas as Administracións, coa unidade de todas as forzas políticas contra o maltrato asasino, co Poder Xudicial aplicando a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e co esforzo e compromiso de todos conseguiremos erradicar a violencia de xénero.”

MOCIÓN SOBRE A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DA ESTRADA

Por parte do concelleiro do PsdeG – PSOE Sr. Otero Espiño, sométese á votación do Concello Pleno a urxencia dunha moción para presentar e someter á aprobación do Pleno a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello da Estrada. Xustifica a urxencia, debido a que por ter efectos no ano 2010 e estar os prazos en límite. Tampouco se puido incluír na Orde do Día por non estar daquela rematado o documento. Fai constar de que na Comisión de Organización se debatiu xa sobre o documento e que ao Pleno chega unha proposta elaborada e aprobada maioritaria polos sindicatos, pero que se non se vota a favor da urxencia, habería que convocar outro Pleno extraordinario, acarreado un gasto innecesario para o Concello.

Sr. Otero Espiño, do PsdeG –PSOE: Boas noites a todos. Evidentemente supoño que todos son conscientes da comisión que houbo o outro día, de Organización e Urbanismo precisamente se falou da mesma, que bueno, pois traemos a sometemento do Pleno a Relación de Postos de Traballo elaborada e aprobada maioritariamente polos sindicatos e bueno en calquera caso sometela a urxencia a mesma, pois motivada no seguinte: primeiro cando se convocou o Pleno non estaba ditaminada en comisión polo tanto non se incluíu por esta razón a orde do día e en calquera caso, a intención é levala o antes posible a súa aplicación e para que poida aplicarse no ano 2010 evidentemente ten que ser aprobada neste Pleno ou se non en calquera caso teríamos que convocar un pleno extraordinario co cal acrarería uns gastos innecesarios para o Concello podendo ditaminala e sometela consideración plenaria no día de hoxe. Por tanto someteríamos á consideración da Corporación pois urxencia da mesma.

Sr. Reboredo Baños: Para nós é unha sorpresa que que esta moción veña hoxe a Pleno. Por tres razóns: a primeira primeiro porque fala vostede que ten que vir a este Pleno porque senón acarrearía uns gastos extras par o Concello a convocatoria dun Pleno. Quérolle recordar que nos próximos 10, 12 días 15 días, 20 días como moito vai haber un pleno extraordinario para tratar a Conta do exercicio do 2009, que pasou xa pola comisión de Facenda e Contas. Esa é unha razón. Outra razón, porque nós cando se expuxo ese tema na Comisión de Organización, nós expuxemos que non tiveramos o tempo necesario para para analizala en profundidade, que expuxémoslle á presidenta que necesitabamos unha documentación ou unhas aclaracións a esa RPT e iso foi na comisión do venres, o martes houbo unha nova comisión non por este tema pero de Facenda e Contas e non se nos entregou esa documentación Sr. Espiño vostede díxonos que era unha documentación, que necesitaban vostedes un certo tempo porque bueno, para facilitala, e que en todo caso vostede pensaba que non ía vir ao Pleno, isto foi unha manifestación súa na

propia comisión, o martes. Entón nós neste momento a día 4 ás 22:00 da noite ou 21:45, pois non se nos entregou ningún tipo de documentación, nós entendemos que un documento dunha transcendencia vital para o Concello da Estrada tanto para o Concello como para o persoal deste Concello e polo tanto cremos que é un tema que require, pois un certo coñecemento para posicionar o noso voto. Como parece ser que vostedes teñen decidido levalo por vía de urxencia, nós imos absternos nesa urxencia é dicir nós non podemos ser cómplices e súa responsabilidade. Nós entendemos que non dan as circunstancias para esa urxencia, para posiccionarnos sobre ela, senón que un tema desa importancia traelo en 3 días, ou en 4 días e pola porta de atrás, parécenos bastante fóra do normal, pero en to caso nós non imos votar a favor da urxencia porque entendemos que non se dan eses motivos.

Sr. López Campos, do PP: *Pois a nós tamén nos sorprende dunha forma bastante, cando menos estraña, esta decisión do Goberno, sobre todo polas informacións que tiñamos dos últimos días e sobre a última comisión que tivemos o pasado martes na que o Señor Espiño xa viña dunha comisión do venres na que se solicitaron unha serie de documentación como dicía o compañeiro Reboredo e o Señor Espiño falaba dun documento complicado dun documento difícil de elaborar, a documentación que se lle pedía que non era nada doutro mundo senón que eran certos datos que nós puidemos manexar a nivel económico e orzamentario, a nivel financeiro, do que carece completamente o documento da RPT, ou polo menos o documento, quero falar con precisión, non o documento da RPT o documento que se lle fixo chegar á oposición da RPT. Está carente todo ese tipo de documentación e entendiamos que o Goberno polo menos o Partido Socialista era sensible a esa realidade e o propio Espiño como voceiro nese momento da comisión o recoñeceu, recoñeceu a situación pero tamén é certo que hai un traballo importante destes aproximadamente dous últimos anos, hai un documento que está encima da mesa, e hai un Goberno que ten responsabilidades, polo tanto, nós aí entendemos que non imos ser tampouco ningún obstáculo para que non se tramite neste Pleno, pois como ben dixo vostede se non se fai neste Pleno vaise facer no seguinte, co seu consecuente custe económico e nós si queremos ser coherentes tamén co que dicimos e queremos ser sensatos co que afirmamos constantemente de intentar recortar o máximo posible os custos innecesarios, e ser eficientes, eficaces na xestión dos recursos públicos, pero tamén é certo que esta mesma mañá creo recordar que recibín, ou onte pola tarde a chamada de a compañeira Belén Louzao para informarme da entrada fóra da orde do día dunha moción sobre o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, falouse, sabíase que ía vir ao Pleno, é un tema importante e dende logo intentouse facer unha Xunta Voceiros e non vou poñer aquí o nivel de importancia que poida ter ese documento cun documento da RPT, pero cada un que saque as súas propias conclusións o Goberno preocupouse por contactar coa oposición para traer ese documento fóra da orde dor día e esquecéuselle dicirlle á oposición que este documento viña a trámite fóra da orde do día dun pleno ordinario do mes de novembro, o que tendo en conta do que estamos a falar eu creo que son palabras maiores, pero como xa dixen nos non vamos a ser ningún obstáculo porque máis tarde ou máis cedo vaise chegar a debater e polo tanto o noso voto tamén vai ser unha abstención.*

Sra. López Doce, do BNG: *Nós evidentemente tampouco imos ser un obstáculo, pero non porque vaíamos absternos, senón pola nosa forza numérica, non compartimos os motivos de urxencia que acaba de expresar o voceiro do Grupo Socialista, dado que a RPT os efectos económicos que prevé son do 1 de xaneiro do ano 2010 é dicir, é indiferente o Pleno ao que vaia a aprobación porque os efectos, non creo que se vaian modificar a proposta e introducir outra data, co cal entendemos que a urxencia non é necesaria e si compartimos cos voceiros da oposición que este é un*

tema de grande importancia e transcendencia e que debera figurar na orde do día no Pleno.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *En calquera caso eu expliquei cales foran as razóns polas que non se incluíu na orde do día e díxeno na comisión de organización claramente e reitéroas unha vez máis, faltaban os informes prescritivos, non se pode convocar unha comisión se non aí os informes técnicos xurídicos que eran necesarios para poder ditaminar. Tan pronto se tiveron eses informes, evidentemente, convocouse a correspondente comisión de organización en tempo e forma e someteuse á consideración dos distintos grupos o tema da RPT, evidentemente o feito da urxencia radia única e exclusivamente, para a súa posible aplicación no ano 2010. Estamos a 4 de novembro é necesaria a súa aprobación plenaria, unha vez aprobada, de ser aprobada a súa remisión ao Boletín Oficial da Provincia, co tempo que tardan alí a súa exposición pública, prazos para presentar as posibles reclamacións, o alegacións que se consideren oportunas por parte dos traballadores ou colectivos ou representacións ou incluso particulares e resolución destas alegacións para a súa aprobación definitiva. Polo tanto para que se poida aplicar antes do 31 de decembro estamos en prazos límites por iso é urxente o seu ditame e a súa resolución por parte deste pleno. En calquera caso xa digo se para a urxencia é necesaria maioría absoluta, para aprobación de urxencia é necesaria a maioría absoluta e se vostedes consideran que non é urxente pois veña o demo e o vexa, pois entón non sei se estamos en prazo outras mocións que pasaron polo mesmo terán o mesmo tratamento que deste aspecto que si é substantivo e significativo para o Concello é un logro histórico tanto para a organización e optimización dos RRHH como para dar resposta satisfactoria a unha demanda vella dos traballadores deste Concello que hai máis de 15 anos que non ven revisadas as súas condicións de traballo.*

Sr. Alcalde: *Sra secretaria, é necesaria maioría absoluta para declarar a urxencia da moción?.*

Sra. Secretaria: *Para declarar ausencia si, ausencia ten que ser votada por maioría absoluta.*

Sr. Reboredo: *Se é necesario, nós imos dar ese apoio para que sexa tratada a moción.*

Sr. Alcalde: *Escoitadas as partes eu alégrome moito do cambio de postura do Señor Reboredo porque evidentemente de non tratarse o tema hoxe convocarei un Pleno extraordinario urxente para o próximo luns, o cal me parece absolutamente absurdo sabendo todos que todos os que estamos aquí sabemos o que hai na RPT. Aínda que digamos o contrario. Polo tanto imos a votar a urxencia para tratar este punto.*

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG - PSOE, resultan once votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez) e nove votos en contra (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto, Loureiro Méndez e Vicente Vicente e BNG: Sras/es: López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) polo que a urxencia é aprobada por maioría absoluta, e procédese ao debate da moción ditaminada pola Comisión de Organización celebrada o 29 de outubro de 2010, que deseguido se transcribe literalmente:

2º.- PROPOSTA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ORGANIGRAMA DO CONCELLO DA ESTRADA. A Sra. Presidenta Delegada cede a palabra ao Sr. Otero Espiño quen

indica que dera ordes no mes de setembro para que se entregara unha copia da documentación obrante no expediente da Relación de Postos de Traballo (RPT) a todos os Grupos Políticos, lamentando que non se fixera así, polo que pide disculpas aos presentes. A continuación pasa a explicar en qué consiste unha RPT (partes, organigrama, etc.), agradecendo, finalmente, aos representantes dos traballadores o seu esforzo para tratar de chegar a un documento final consensuado.

Toma a palabra o Sr. Reboredo Baños para indicarlle ao Sr. Otero Espiño que a súa exposición foi demasiado xenérica, pedíndolle que matice a documentación presentada.

O Sr. Otero Espiño indica que a RPT componse dun organigrama, a distribución dos diferentes postos según Departamentos, as funcións, a valoración dos Complementos de Destino e Específico (neste último caso existen unha serie de factores para o seu cálculo -perigosidade, responsabilidade, adicación, etc.-, dando lugar a unha puntuación total por posto, sendo a valoración do punto 24,00 €).

O Sr. Reboredo Baños replícalle que todo o proceso de elaboración da RPT se realizou ao marxe dos grupos da oposición e xa no último Pleno indicara o Sr. Otero Espiño que se lle mandaría unha copia, entendendo o Sr. Reboredo que xa era tarde pois xa estaba rematado o proceso de negociación.

O Sr. Otero Espiño recórdalle que pasou o mesmo cando se negociou o Convenio Colectivo en vigor do ano 1995.

Continúa o Sr. Reboredo Baños reprochando que a documentación se lle debería ter entregado aos grupos da oposición con moita máis antelación, estando convencido de que é un documento pechado, diga o que diga o Sr. Otero Espiño. A continuación indica que vai a prantexar unha serie de cuestións, esperando que sexan respondidas polo Grupo de Goberno:

¿Cantas prazas novas se prantexan no organigrama?

O Sr. Otero Espiño e a Sra. Presidenta Delegada responden que 58 ou 60. O Sr. Reboredo Baños precisa que son 62 as prazas que se propoñen como de nova creación na RPT.

¿O incremento salarial de 850.000,00 € sobre qué repercute?

O Sr. Otero Espiño responde que sobre a plantilla actual, aínda que se incluíu erroneamente ao persoal a tempo parcial como se estivera a xornada completa.

O Sr. Reboredo Baños pide un informe no que figure a repercusión económica de toda a RPT (incremento salarial, creación de novas prazas, etc.)

O Sr. Otero Espiño indícalle que evidentemente o custe económico de toda a RPT é moi superior aos 850.000,00 €

¿Con qué crédito se ten pensado financiar a RPT?

O Sr. Otero Espiño recórdalle que cando gobernaba o Partido Popular xa existían cantidades consignadas no orzamento para a negociación laboral.

O Sr. Reboredo Baños replícalle que ten que existir unha proposta seria e unha explicación real de onde sae a financiación.

Finalmente comunica que na votación se va a abster ata o Pleno.

O Sr. Torres Alvarez fai súa a argumentación do Sr. Reboredo Baños.

Toma a palabra o Sr. López Campos para indicar que a RPT é un documento de tal importancia que chegará a afectar a 3 Corporacións, polo que lle parece unha actitude hostil por parte do Grupo de Goberno non entregar a documentación con maior antelación. Asimesmo, indica que non se cre a explicación do Sr. Otero Espiño de que fora un despiste, pois xa demostraron en outros asuntos que esa é a estratexia habitual do Grupo de Goberno.

Continua argumentando que lle parece estrano que unha RPT elaborada pola Universidade de Santiago de Compostela non conteña un estudo económico, xa que no documento presentado non aparece en ningún lugar, únicamente se fai referencia á cantidade de 850.000,00 € no informe de Intervención e na proposta da Alcaldía.

Pregúntalle ao Sr. Otero Espiño por qué ten que crer que os 850.000,00 € da proposta da Alcaldía son os datos da RPT, ou se pola contra a Alcaldía manexa datos que non quere facer público. Por todo o exposto solicita que se aclare cal é a repercusión económica de toda a RPT, así como para cada posto, e como se distribúen os 850.000,00 €

O Sr. Otero Espiño indica que non ten coñecemento de que dito estudo exista, replicándolle o Sr. López Campos que na primeira proposta da USC si figuran datos económicos, e que despois, por algún motivo, desapareceron, tratando de ocultar dita información. Por todo o exposto, solicita, novamente, un informe no que se recolla o impacto económico da RPT no suposto de que se desenvolvese na súa totalidade.

O Sr. Otero Espiño indica que intentará ter dito informe antes da celebración do Pleno, o día 4 de novembro, aínda que o tempo non é moito. Replícalle o Sr. López Campos que non sabe de que Pleno está a falar pois él ten a convocatoria do día 4 e na orde do día non figura a RPT.

Toma a palabra novamente o Sr. Otero Espiño para explicar que dentro das prazas que se crean figuran todos os postos que na actualidade están desempeñados por persoal de colaboración social do INEM, así como aqueles postos que foron propostos polos Xefes de Departamento. Respecto aos postos que na actualidade están cubertos por persoal de colaboración social indica que non existe intención de crear tales prazas, preguntándolle o Sr. Reboredo Baños que onde está recollido que non se van a crear esas prazas mentres exista persoal do INEM.

Engade o Sr. López Campos que falar de pagar cantidades como 850.000,00 € nos tempos que atravesamos, lle parece moi atrevido e prantexar un documento que non está acompañado dun estudo económico viable é actuar dun xeito precipitado.

O Sr. Otero Espiño indica que se convoca esta Comisión para tratar de chegar a puntos de encontro, replicándolle o Sr. López Campos que non cree que se estean buscando puntos de encontro, pois os antecedentes demostran que nunca se tiveron en contra as aportacións dos grupos da oposición.

O Sr. Otero Espiño matiza que a RPT supón un gasto de 300.000,00 € os 3 primeiros anos, cantidade que xa tiña o PP para negociación colectiva, sendo o resto das anualidades negociables, asimesmo, pregunta aos presentes se coñecen algunha fórmula de negociación que non sexa demorada no tempo e se están en contra da RPT, respostándolle os grupos da oposición que antes de pronunciarse queren ver a documentación que se pideu.

Toma a palabra a Sra. López Doce para salientar a importancia de que o Concello da Estrada dispoña dunha RPT, xa que é unha obriga legal. Comprende as lexítimas aspiracións dos traballadores municipais tanto no que respecta a melloras salariais, como da funcións, sobre todo despois da redución salarial imposta polo Goberno central, redución coa que está en desacordo o BNG. A pesares do exposto, indica que o Grupo Municipal do BNG non apoia a RPT por varios motivos:

Ao seu xuízo, actuouse á inversa de como se debiera ter actuado, xa que tiña que facerse un estudo de cales eran as posibilidades reais, pois existen moitas desigualdades, así coma servizos que non contan con persoal suficiente, sendo así imposible paliar o problema das horas extraordinarias.

Continua explicando que ante o primeiro documento de RPT presentado pola USC prantexaron as discrepancias que consideraron oportunas respecto do mesmo, propoñendo incluso a creación dunha serie de prazas, aínda que o documento final inclúe 19 prazas máis das que o BNG considera necesarias.

Na RPT non se prantexa cómo se vai a resolver o día a día pois os funcionarios van a reclamar os correspondentes complementos por realizar as actividades a maiores das que están realizando na actualidade.

Indica que o reparto dos 850.000,00 € únicamente para incremento e mellora de salarios impediría a creación de novas prazas, polo que non sería posible a supresión das horas extraordinarias, estando de acordo co Sr. Reboredo Baños de que o incremento é exponencial, pois as cantidades vanse incrementando ano a ano. Matízalle ao Sr. Otero Espiño que o informe de Intervención si recolle como se vai a financiar a RPT: subindo os impostos.

Conclúe indicando que o BNG non adoptará ningunha medida que impida calquera capacidade de actuación desta Corporación e das vindeiras, e que a responsabilidade non lles permite adoptar outra postura.

Finalmente, toma a palabra o Sr. López Campos para engadir que sería aconsellable facer un esforzo tanto polo ben común dos traballadores municipais como pola cidadanía, polo que lle entristece que o Grupo de Goberno non contase coa oposición para estudar un tema desta importancia. De todos os xeitos o Grupo Municipal do PP estudará o tema pormenorizadamente antes do Pleno.

Non habendo máis intervencións, e unha vez deliberado suficientemente sobre o particular, a Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou favorablemente, cos votos a favor dos representantes do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (3), coa abstención dos representantes do Grupo Municipal do PP (2) e dos Concelleiros non adscritos D. José Manuel Reboredo Baños (0,5) e D.

Juan Antonio Torres Alvarez (0,5), e co voto en contra da representante do Grupo Municipal de BNG (1), e propuxo ao Pleno, o seguinte:

En data 5 de outubro de 2010 tivo entrada no Concello da Estrada o documento proposta de relación de postos de traballo, elaborada polo Equipo Técnico de Xestión de Recursos Humanos da Universidade de Santiago de Compostela e asinada por Manuel Santos Lores con nº de rexistro de entrada 012035.

Consta no expediente a negociación deste documento coa Mesa Negociadora, en concreto, as actas que recollen acordos adoptados son a acta da Mesa de Negociación de 16 de setembro de 2010 onde se aproba por maioría o documento presentado de relación de postos de traballo cos votos favorables dos delegados e representantes de Comisión Obreiras, UXT e CIG, e a acta da Mesa de Negociación de 15 de outubro de 2010, na que se adoptan os seguintes acordos:

-Fíxase como valor de punto no complemento específico a cantidade económica de 24,00 Euros punto.
-Aplicación económica da RPT: aplicación en seis anos, do que o primeiro sería o 2010, dispoñendo ademais para o 2011 dos 80.000,00 Euros que serían detraídos da partida reservada para horas extras.
A aplicación desta relación de postos de traballo:

<u>Ano</u>	<u>Cantidade que se incrementa</u>
2010	125.000,00 €
2011	80.000,00 €
2012	100.000,00 €
2013	120.000,00 €
2014	185.000,00 €negociables en Mesa de Negociación.
2015	240.000,00 €negociables en Mesa de Negociación.

Consta informe de Secretaria de data 25 de outubro de 2010.

Consta informe da Intervención Municipal de data 26 de outubro de 2010.

Realizada a tramitación legalmente establecida , esta Comisión Informativa propón o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a relación de postos de traballo deste Concello de A Estrada, en base ó documento que figura no expediente, publicar o anuncio de exposición no B.O.P e no tablón de edictos do Concello e expoñela o público durante un prazo de quince días a contar desde o día seguinte a publicación no BOP.

SEGUNDO.- Coma consecuencia aprobar a modificación da plantilla de persoal.

TERCEIRO.- Aprobar coma valor do punto no complemento específico a cantidade económica de 24,00 Euros/punto.

CUARTO.- Aprobar a aplicación económica da relación de postos de traballo nos seguintes termos:

<u>Ano</u>	<u>Cantidade que se incrementa</u>
2010	125.000,00 €
2011	80.000,00 €
2012	100.000,00 €
2013	120.000,00 €
2014	185.000,00 €negociables en Mesa de Negociación.
2015	240.000,00 €negociables en Mesa de Negociación.

QUINTO.- Aprobar e incorporar na relación de postos de traballo as condicións recollidas no regulamento municipal de pase de determinados funcionarios á segunda actividade co engadido, en virtude do artigo 71 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de que os funcionarios que pasen, ou se atopen, en situación de segunda actividade conservarán as retribución básicas e as complementarias.

SEXTO.- Unha vez aprobada definitivamente, a relación de postos de traballo se publicará integramente no BOP e enviaranse copias á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Obra nas mans de todos aínda que incluso en algún momento se dixera que houbo unha neglixencia ou deixadez na entrega da mesma un documento que imos a debater nestes momentos que recolle precisamente a proposta organizativa da Relación de Postos de Traballo do Concello da Estrada. Para a mesma, antes de entrar en debate da mesma quixera introducir unha emenda en respecto ao calendario da súa aplicación, como vostedes todos coñecen tanto pola proposta da Alcaldía, como por distintos informes técnicos xurídicos establecía unha calendarización de 6 anos, desde o 2010 cunha cantidade fixa consignada en presupostos e 2011 de 80.000 € e establecía para o 2014 e 2015 unhas cantidades a negociar en Mesa de Negociación e desde este grupo pois queremos meter unha emenda onde permanecerían as cantidades do ano 2010 e 2011 inalterables e a partires dese ano o resto das anualidades quedarían nos mesmos termos que están no 2014 e 2015 e dicir no 2012, 2013, 14 e 15 serían negociados en Mesa de Negociación en función dos recursos económicos e dos ingresos que este concello teña. Partindo desa premisa e desa emenda que se introduce á mesma, de todos é coñecido os antecedentes que obran neste concello da necesidade dunha RPT, en primeiro lugar pola necesidade de organización dos propios traballadores e segunda tamén por un imperativo legal ao que xa o anterior Goberno municipal intentou facerlle fronte e chegou exclusivamente pois, a un, a unha das partes que debe contemplar unha RPT, que é a valoración dos postos de traballo. Foi un custe creo que ao redor dos 12.000 € para este Concello e que evidentemente quedou en auga de borralla, e non chegou a ningún lado. Por parte deste Goberno conscientes da necesidade comprometido polo Alcalde, polo Grupo de Goberno, aos traballadores a posibilidade e necesidade de sacar a diante unha Relación de Posto de Traballo nesta lexislatura, pois encoméndase a un equipo que entendemos que é solvente e competente pola súa experiencia e solvencia que tivo noutras RPT que están aprobadas pois se lle encomendou ao departamento de RRHH da Universidade de Santiago de Compostela que elaborase unha proposta base para este documento. Mandouse este documento ao Concello e empezouse o proceso básico, que debe ser as negociacións cos sindicatos. Despois dun ano de arduo traballo, intensas reunións e desde logo desde aquí agradecer aos representantes dos traballadores, o encomiable esforzo nas múltiples, intensas e arduas reunións que houbo, pois, todo o que achegaron de positivo para a mesma e a receptividade que tiveron e tamén as concesións que fixeron para que sacáramos unha RPT, que entendemos que é positiva en todos os ámbitos. Desde logo esta Relación de Postos de Traballo recolle os principios básicos que ten que recoller, prescritivamente calquera RPT, como son unha nova proposta de estruturación organizativa é dicir, o que é o organigrama e que vostedes poden contemplar que está na páxina 52 do documento e na que se estruturan pois a distinta organización, por departamentos, as súas correspondentes unidades en cada un dos departamentos e a sección dos mesmos. Recolle tamén a descrición funcional de cada unidade administrativa e postos que as conforman e o que é máis significativo, evidentemente para os traballadores que a valoración dos postos de traballo do que xa había un antecedente precisamente realizado pola empresa “ METIS” onde consideramos que se introduciron os criterios básicos que deben presidir a valoración destes postos de traballo son a equidade e a obxectividade por parte destes complementos destes conceptos retributivos complementarios e comprendería polos aspectos básicos como son o complemento de destino para que o que se adoptou o criterio de homoxeneización por grupos, é dicir, en grupos “A”, “A1”, “A2”, “C1”, “C2” os mesmos niveis de Complemento de Destino (CD), que vostedes poden contemplar tamén na propia RPT na páxina 242 a pesar de que dicían que non figuraba nela e si figura non. Para o Complemento de Específico (CE) tivéronse en conta unha serie de factores que tamén obran explicativos na propia RPT e ao que se lle asigna e unha puntuación*

determinada en función da aplicación deses factores. Poderíamos discutir a posibilidade ou non de modificar eses, pero evidentemente foron os criterios que se aprobaron por parte de toda a Mesa de Negociación e aplícaselle un valor a cada un destes puntos de 24 € que é o criterio medio que se esta a realizar aí, en concellos semellantes ao noso. Por tanto, en conclusión, entendemos que a RPT era un documento non necesario, senón obrigatorio para o propio Concello pero tamén é necesario porque regula, organiza e determina e valora os postos de traballo. Sabemos tamén que é unha RPT sólida, válida, solvente, está realizada por un equipo valioso e sobre todo representativa, porque foi asumida por unanimidade, por todos os representantes sindicais presentes na Mesa de Negociación, e desde logo xa digo un criterio que se pode aplicar sobre da mesma dicindo que era gravosa para os cidadáns, ou que podía ser gravosa para os cidadáns, evidentemente non está neste voceiro nin ningún dos seus compañeiros gravar nin hipotecar ningún futuro económico do Concello da Estrada. Evidentemente entendemos que toda a RPT, non imos a cargarlle aos traballadores responsabilidades e funcións e desde logo non contemplar como non se contemplou dende hai 15 anos ningunha mellora substantiva nas súas condicións laborais e nos seus criterios ou conceptos retributivos. Digo que non vai ser porque está asumido que a partires do 2012 sexa negociado en Mesa de Negociación os conceptos de ampliación por aplicación da RPT e desde logo que non ten porque ir exclusivamente a ampliación de taxas e de impostos, evidentemente tampouco estamos de acordo con ese criterio pode haber informes que si digan que habería que, que habería que, pero non deixa de ser un criterio técnico e que en calquera caso iría a criterios políticos que en calquera caso xa digo terían que ser avalados sempre pola Mesa de Negociación e avalados polo Grupo de Goberno que nese momento estivese. Non imos hipotecar ningún goberno e en todo caso pois si hipotecariamos o noso futuro Goberno, pero non o vamos a hipotecar porque sabemos que somos capaces porque esta situación económica non ten porque estalo permanentemente nunha etapa descendente negativa, temos que esperar que en próximos anos, en dous, tres anos isto mellore substantivamente, e desde logo pois que esa Xunta de Galicia da que temos asumidas tantas competencias pois asuma as competencias que fai o Concello sen ter as correspondentes transferencias co cal xa teremos tamén aforro suficiente, para poder acometer algo de dereito básico, que os traballadores cobren xusta e equitativamente polo traballo que desempeñen sen agravar con outros concellos. En calquera caso e en conclusión creo que con esta RPT faise e cúmprense os obxectivos básicos de contar con este documento imprescindible, prescritivo, que se optimizan os RRHH deste Concello, se optimizan e se racionalizan e desde logo baixo os principios que dicía antes de equidade e de obxectividade se dá unha resposta satisfactoria ás demandas históricas dos traballadores deste Concello.

Sr. López Campos, do PP: Hai intervención porque está claro que ao Señor Espiño, tocoulle un papel pouco grato, que a propia Concelleira que no seu momento levou o peso desta RPT e a que esta encargado tema persoal pois non lle convencía ao Señor Espiño para levar o peso deste debate e o asume el coa súa forma de falar e de opinar, sobre temas varios e múltiples, e incluso ata é capaz de xustificar o inxustificable, ata e capaz de xustificar a urxencia e a forma porque eu xa practicamente imos pasar de puntillas polo fondo pero a forma na que se xestionou esta RPT e a presenza que nesa xestión tivo neste caso o Partido Popular, eu creo que temos, ou debemos ter un coñecemento real de cal é a situación do Concello, e cal é a situación real dos funcionarios do Concello da Estrada, é certo e é necesario tomar unha decisión e desde logo é importante unha posta en marcha dunha RPT, pero eu e o partido que represento de momento non somos partidarios de que o fin xustifique os medios e polo tanto eu creo que o fin é moi loable, os medios, unha

auténtica chapuza que eu creo que estaría ben analizalo nos trinta e pico anos de democracia, ou nas máis de 6 corporacións municipais, que forman parte de este Concello se houbo algún exemplo de tal desmedida barbaridade a nivel de xestión dun documento tan fundamental como é este. Eu creo que ante todo nós non podemos debater, nin podemos participar neste debate en igualdade de condicións do Goberno, están xogando coas cartas marcadas, vostedes sabían que se ía a introducir este debate no Pleno, o Partido Popular non o sabía, polo tanto vostedes parten cunha vantaxe importante, e ademais eu creo que é difícil, o papel que lle toca xogar, pero é difícil xustificar que vostede veña a vender aquí a urxencia dunha RPT cando levan traballando 2 anos nela, cando vostede foi o primeiro sorprendido, cando se lle dixo, ou fíxose ou sorprendido, cando se lle dixo, cando preguntou se no mes de setembro recibíramos a RPT, e non tivemos rastro dela ata o mércores da semana pasada, practicamente entrados no mes de novembro, vostede comprometeuse varias veces en achegarnos documentación para poder facer o noso traballo e en todo caso as nosas peticións foron desoídas polo Goberno, e a nós se nos presenta un documento pois como xa dixen o mércores da semana pasada un documento denso, complicado, que hai que analizar, sobre todo pola importancia relativa que ten, xa non a nivel orzamentario, se non a nivel económico, se non tamén que porque estamos falando dun documento que pola súa calendarización, pola súa posta en marcha, polo que hai negociado polos sindicatos, e eu tamén quero facer aquí unha especial mención, ao traballo que supoñemos, porque non o coñecemos, ou non tivemos oportunidade de coñecelo, que se puido efectuar nas Mesas de negociación, supoño que un traballo difícil e árduo sobre un documento que envía a USC, pero un traballo que si, queiramos ou non vai afectar a 3 corporacións municipais, vai afectar á Corporación actual, á próxima que saia das urnas o 22 de maio e á seguinte dentro de 4 anos e medio, polo tanto 3 corporacións se van ver afectadas pola posta en marcha desta RPT, e por tanto eu creo que cun sentimento como se adoita dicir cun sentimento de Estado, o Goberno debería ser sensible ao saber desa realidade e a polo menos dar participación os demais grupos, independentemente diso como nós xa non esperamos a que iso suceda pois xa estamos acostumados ao seu “modus operandi” polo tanto tampouco nos podemos facer aquí os sorprendidos como se fixo o Señor Espiño cando se enterou que no mes de setembro, nin no mes de outubro nos chegara ningunha documentación da RPT. Pero tamén iso é a importancia que o propio Goberno lle dá a ese documento, e desde logo a responsabilidade de gobernar ás veces ten que levar a tomar decisións que cando afectan a outros escenarios, futuros desde logo se intente levar coa maior transparencia e negociación posible. Despois se isto é pouco, se esta forma digamos tremendamente chapuceira de levar un documento de vital importancia coma este é pouco, van vostedes e nun minuto de desconto queren meter un gol, chegan no minuto 94 e o partido acabado e vostede pretenden que lles dean por válido o gol de cambiar a calendarización ou a forma de xestionar os fondos durante os próximos 6 anos. Isto xa desde logo é o último, fair play das regras de xogo, chegan vostedes de despois de dous anos de negociacións despois de arduas, e intensas xestións, negociacións, mesas, traballo, implicación que non o dubido e que dende logo o felicito por el chega aquí, e cando o partido está acabado mete vostede o gol para gañar o partido, porque como xoga na casa pois ten vostede posibilidade de marcar as regras de xogo e facer o que lle apeteza, e aínda por se non xe chega aínda vén e nos cambia no último minuto as regras do xogo, ben perfecto, pero, eu creo que isto é un paso máis nesta deriva, que leva tendo este Goberno durante estes últimos 3 anos, en especial durante o último ano e medio, unha deriva de improvisación, de falta de xestión, de incapacidade para a hora de afrontar as situacións difíciles, e isto ben, é un claro exemplo por que estamos falando dunha RPT, estamos falando dun documento que o Concello da Estrada non ten, que o Concello da Estrada carece del, que é fundamental e necesario e nós sabemos da responsabilidade e do

traballo que hai detrás de todo isto e por iso tamén somos conscientes da nosa responsabilidade, pero despois de esperar dous anos, despois de obter negativas constantes, diarias por parte do Goberno en achegárenos a documentación, a pouca documentación que pediamos para poder ir vendo o avance das negociacións da RPT, preséntasenos un documento que eu se vostedes non lle fixeron o pagamento á Universidade de Santiago Compostela polo traballo feito, deberían pensar dúas veces en pagarllo porque ou se esqueceron de achegar documentos ou algún dos documentos importantes se quedou no camiño, tamén é posible, eu non quero buscar responsables aquí na Universidade de Santiago ou no Goberno, o que esta claro é que o documento que chegou para a súa análise, neste caso ao Partido Popular é un documento de mínimos, coa documentación xusta e necesaria e carente de documentación fundamental para a súa análise, xa lle dixen antes Señor Espiño, hai documentos económicos que faltan nesta RPT vitais para a súa análise, home imos a ver, eu non pretendo desconfiar, nin moito menos da proposta sobre a que se basean todos os informes da RPT e a proposta feita pola Alcaldía, eu non quero desconfiar, pero tampouco teño porque confiar, eu creo que o máis lóxico é que se existe un traballo serio, rigoroso cun pouso de negociación importante é lóxico que todos teñamos acceso a ese documento e supoño, supoño que nalgún sitio dese documento haberá cando menos unha cifra económica xa non pido que haxa detallado as cifras concretas da RPT, pido que haxa un só número, que non sexa o número que marcan as páxinas do documento da RPT, que son os únicos números que hai neste documento que se nos achega a nós, polo tanto ou se perderon polo camiño ou a USC esqueceu mandar eses documentos e eu teño as miñas dúbidas de que con estas présas, e esta precipitación o persoal da Alcaldía, ou as persoas que prepararon a proposta do alcalde sobre a que se informou o informe da secretaria e o informe da interventora, se fixese con un cálculo a man alzada por parte do Señor Alcalde, dubido, posiblemente exista certa documentación económica á que a oposición non tivo acceso, nin o vai ter e seguramente pois xa non é que teñan marcada unha carta, xa teñen marcadas dúas e polo tanto levan bastante vantaxe, pero como isto non vale pois e a pregunta na comisión informativa, o Señor Espiño dános unha solución como sempre, das súas grandes solucións en política sempre son claras e concretas e nos di: se queren calcular fagan un sudoku, fagan vostedes un sudoku, multiplique vostede por 4, reste por 2, súmelle 5, por 240, mais 24 €, ao final vaille saír o complemento de destino, despois o complemento específico, vaia vostede o BOE calcule non sei que e tal, e despois o soldo, busque vostede, no cadro de persoal dos presupostos 2010 calcule tal, súmelle tanto, non se que, ao final ten o resultado, perfecto, e todo isto en 24 horas, estupendo, paréceme a forma axeitada de xogar nun terreo de xogo perfecto, xa teñen 3 cartas marcadas, xa non teñen 2 teñen 3, só lle queda unha carta marcada e vana xogar, evidentemente, esa carta marcada vana xogar. Di o Señor Espiño, sen ánimo tampouco de entrar en debate e xa digo o documento é un documento moi extenso, di o señor Espiño e un tema que a min polo menos pola experiencia que eu teño, pola miña corta experiencia, e como dicía a Señora López Doce pois eu son unha persoa bastante limitada nos coñecementos, e por iso hai temas que me causan certa preocupación, a pouca preparación o que ten son estes temas que cando che din algo normalmente asústaste, e a min hai algo que me asusta, ía a cousa mal, non ía moi ben encamiñada, pero desde que dixo o Señor Espiño unha cousa, aínda se puxo peor, ou para min e creo que para este partido, para moita xente aínda se puxo peor, converténdose nun símil do presidente Zapatero, o Señor Espiño dixo con gran fortaleza e gran presenza “tranquilos non imos a hipotecar o Concello” que o diga un socialista como o dixo o Señor Zapatero tamén que non ía arruinar España que non ía a hipotecala, cando menos, cando menos a min cáusame certa preocupación, tamén llo teño que trasladar que vostede insista e repita, que vostede como socialista non vai arruinar o Concello da Estrada non me deixa máis tranquilo, déixame mais

preocupado, e desde logo, as probas están aí, e as probas son incontestables polo tanto, ao mellor quere vostede insistir demasiado nun tema e está conseguindo o efecto contrario, polo menos para nós, pero esta claro que isto é unha gran chapuza, é unha historia dunha gran chapuza, non teñen vostedes o seu socio do Goberno de lado, teñen unha oposición marxinal completamente e na lexitima corta da información necesaria para poder analizar este documento, e traen vostedes o documento ao Pleno e nós sen entrar en profundidade, xa digo porque non creo que sexa o momento de analizar o documento nesta situación, nestas circunstancias que acabamos de dicir para nós desde logo, é un exercicio de responsabilidade moi grande, e para nós desde logo, a nosa posición agora mesmo, é unha posición complicada, unha posición difícil, sabendo, está claro o que hai o que nos xogamos valorando, non na xusta media porque con esas tres cartas marcadas que ten o Goberno impediunos xogar á mesma altura, utilizaron toda canta marrullería e xogo sucio podía haber para poder embarrar o terreo de xogo, que é o que lles vai a vostedes neste tipo de partidos e a aínda así nós queremos xogar este partido, nós queremos xogar e desde logo si é certo que non imos a saír derrotados, imos negociar, imos parlamentar sobre este tema importante, e esperemos que ao final todos poidamos acadar, poidamos escoitar pois boas novas por parte do Partido Socialista, e poidamos ter un bo final, un bo final que no estea, como xa dixen antes marcado polas patadas a media altura, e polo xogo sucio e que xoguemos todos coas mesmas regras de xogo, polo tanto esperaremos as intervencións, e esperaremos a que é o que nos teñen que contar cada un dos voceiros e a partir de aí pois formularemos o noso voto.

Sra. López Doce, do BNG: *Creo que por representatividade na Corporación me corresponde efectivamente señor Reboredo. Ben, a nosa posición en relación á aprobación desta RPT, xa é coñecida, desde a comisión informativa na que manifestamos que non podemos apoiala desde a comisión informativa a RPT non sufriu ningunha modificación e por tanto tampouco sofre ningunha modificación a nosa posición. En primeiro lugar quero lembrar e dado que se introduciu de urxencia non se leu o ditamine nin a acta da Comisión Informativa de Organización na que se analizou este documento, quero recordar que o Grupo Municipal do BNG, comparte a necesidade que ten o Concello da Estrada de dotarse dunha RPT. Desde o primeiro momento que tivemos responsabilidade novidades, aínda que esa area non estaba dentro das que estando, directamente baixo a nosa responsabilidade así actuamos para que se puidese, ir empezar a contar con ese documento que é necesario para bo funcionamento da administración municipal e da súa organización e a prestación de servizos. Tamén reitero o que dixen na comisión informativa de urbanismo, entendemos as lexitimas aspiracións que teñen os traballadores municipais de mellorar a súa situación retributiva. Evidentemente so faltaría non hai nada que obxectar e tamén entendemos que a súa situación e máis dura por que como todos os empregados públicos desde o mes de xuño, viron recortadas as súas retribucións un 5% de media como consecuencia da aplicación dun Real Decreto e imposto polo Goberno Central, non era vontade de esta administración municipal e así o manifestamos nos plenos nos que tivemos ocasión. Agora ben, este documento que hoxe se somete a debate ten moitos problemas, ten moitos problemas porque non resolve os problemas organizativos que ten o Concello da Estrada, vai entorpecer no caso de aprobarse o seu funcionamento dado que por un lado distribúe funcións que hoxe está facendo un só empregado en varios postos de traballo non determina que vai ocorrer transitoriamente mentres non se cubran esas prazas que se contemplan na RPT como e necesarias e non sabemos se os traballadores van deixar de facer esas funcións, se para seguilas facendo van demandar como por outra parte sería lóxico un complemento económico por realizar ese labor ou se van verse forzados a continuar facendo horas*

extraordinarias, para facer o traballo que na RPT se indica, que deben de facer dous funcionarios. Ese é un problema grande que se crea o non prever un calendario de creación de prazas nin priorizar cales son as primeiras que hai que cubrir, no único no que se converte esta RPT é nun mal negociado convenio colectivo e acordo marco porque só son melloras salariais, son melloras salariais dun 29,52€ de media, é dicir nós tamén somos conscientes que lle soben máis dun 40% e outros que non chegan ao 10 non, pero a media é do 29,52 % e esa suba son 850.000€ o que se incrementa o gasto do persoal actual do Concello, e son máis porque cada ano, se a situación como di o voceiro do PSOE mellora que todos temos que contribuír a que así sexa e se volve normalizar a situación eses 850.000€ van multiplicarse porque o IPC xa non xa non segue parado; este ano hai un incremento de IPC, os salarios tamén por decisión do Goberno Central co voto en contra, o voto en contra, anunciado que se materializará se as cousas non cambian cando se debatan nas Cortes a Lei de acompañamento dos Orzamentos Xerais do Estado para o 2011, pero todos sabemos que está anunciada a conxelación salarial para os empregados públicos, pero esta situación vai a ser transitoria, volverán incrementarse, non conforme ao IPC que é un dos problemas que teñen os empregados públicos, senón por debaixo do IPC, pero vai haber un incremento, e a situación é que neste momento o gasto de persoal sitúase no 40% dos ingresos correntes e a RPT sitúa este gasto só sen incluír os custes da Seguridade Social (SS) no 72,39 para o ano 2012, incluíndo a SS e dicir que non chegan os ingresos correntes para manter o persoal, que como consecuencia desta RPT, as retribucións que lle asigna a RPT ten o Concello da Estrada, é dicir, con isto creo que xa se di basicamente todo no referido aos gastos. Agora ben, como membros desta Corporación, creo que todos sabemos que a administración non pode aprobar un gasto sen ter os ingresos para facerlle fronte e aí a pesar de todas estas eivas que acabo de comentar, aí é onde está o problema fundamental. Sabemos que o gasto de persoal e un gasto corrente e que só pode financiarse con ingresos correntes. A interventora, que analizou a proposta negociada cos representantes sindicais, analiza a situación económica do Concello, como non podía ser doutra maneira, á parte de salientar outras cuestións que informan desfavorablemente, non pola súa vontade senón que pola aplicación da lei non é legal facer esta aprobación, fala da evolución negativa dos tan significativos recursos correntes é dicir fai unha análise desta merma constante e indica que a clave está en incrementar os tipos impositivos nos diferentes tributos locais. A interventora pois é unha técnica que merece todo o noso respecto, no informe tamén pon de manifesto opinións que dende logo nós non compartimos, a interventora como vostedes igual que nós analizarían o informe de Intervención, indica que a presión fiscal no Concello da Estrada é ínfima, non compartimos este criterio desde logo, a actuación do BNG á fronte da Concellería de Facenda, pois denota que non comparte esta opinión por iso non subimos os impostos municipais, fai diferentes análises e establece, e despois nas conclusións remítese a este epígrafe, por tanto non son opinións son datos xurídicos para aprobar un gasto hai que ter un ingreso, que para obter un ingreso suplementario de 834.000 € hai que subir un 30% o IBI de urbana, o IBI de rústica, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, o ICIO (o imposto de construcións e instalacións) o imposto sobre incremento de valor de terreos de natureza urbana é dicir, a maioría de impostos municipais, isto si que son impostos e non son taxas e estes os impostos de vehículos de tracción mecánica creo que xa o comentei, é dicir afectan a toda a cidadanía estradense, evidentemente non é o caso das taxas que vimos nos puntos 2 e 5 da orde do día do Pleno de hoxe. Nós entendemos como xa dicía antes que a presión fiscal no Concello da Estrada non é baixa e sempre criticamos esa presión fiscal, e ademais se se fai unha análise rigorosa comparando os impostos do Concello da Estrada con outros concellos, sabemos, e os que foron membros de corporacións anteriores recordaran os debates de que analizando comparativamente non é baixa a nosa presión, outra cousa e

este por debaixo do límite legal, que efectivamente iso si é así, estamos nunha situación de crise económica que lle afecta a todo o mundo, non só aos empregados públicos por esas decisións que se están e se continúan adoptando desde o Goberno do Estado, senón a todos os cidadáns que ven mes a mes perigar o seu posto de traballo, cando non o perden e desde logo nós non imos apoiar, é dicir o noso voto vai ser un non claro, non vai ser unha abstención haber se si, hai que pronunciarse e dicir o que se quere, non só disertar, á parte de disertar hai que ter un comportamento coherente coa disertación que se fai se se está en contra estase en contra, votas en contra, e se está a favor, estase a favor e votas a favor ou se a un lle é indiferente ou valora que é positivo que algo se aprobe aínda que sen a súa colaboración directa entón abstense, pero as cousas hai que dicilas con claridade, evidentemente eu diríalles que temos que ter en conta a situación do Concello da Estrada coa baixada permanente dos ingresos municipais, ademais co reprochable comportamento que está tendo o Goberno Autonómico co noso Concello, denegándonos subvencións, que antes nos eran concedidas en xustiza, non porque houbera un trato preferente, reducindo as súas achegas, o persoal que antes prestaba uns servizos que era contratado ao abeiro da Xunta agora iso xa non o hai é dicir, os gastos para o Concello da Estrada para que poidan seguir funcionando servizos aumentan día a día e despois non podemos esquecer que esta Corporación ten diante un reto moi importante, que é poñerse á cabeza da saída da crise económica e que no ámbito das nosas competencias pasa case única e exclusivamente por executar o Plan Xeral tan pronto sexa aprobado que, felicítolle señor López Campos, polo seu apoio á proposición non de lei que hoxe se debateu na Comisión de Política Territorial que saíu adiante por unanimidade, esperamos e confiamos que a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas faga caso do chamamento que realiza o Parlamento e aprobe canto antes o Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada (PXOM), que o Concello da Estrada, despois dos 3 anos que levamos traballando dende a Concellería de Facenda para preparar as condicións para que o Concello poida afrontar o desenvolvemento do PXOM e ir cumprindo as anualidades que se establecen do plan económico servindo así de dinamizador da economía local poidan cumprirse, e que non é compatible coa aprobación desta RPT, á parte é deixar á Estrada sen futuro, así de claro, non hai compromisos certos en relación á variante, non hai compromisos certos en relación á autovía, non hai compromisos certos en relación á Cidade do Moble, e parece que a única certeza que teñen, que poderían ter os veciños e veciñas da Estrada, se esta RPT hoxe se vota é que van pagar máis impostos municipais.

Sr. Reboredo Baños: *Vou empezar ao revés, vou empezar por vostede, simplemente xa veu vostede que me ría, sorría cando vostede falaba porque evidentemente despois de tantos anos compartindo compartindo experiencias aquí dentro deste salón, pois ás veces un, o que dicía o meu amigo López, dáse conta do que había e o que hai. Mire pois a min non me sorprende o informe da interventora en canto a que a presión fiscal eu non a cualificaría de ínfima, porque non o diría así, pero que a presión fiscal non é excesivamente alta, que pasa, iso non quere dicir que teñamos que subir máis os impostos, bueno pois ínfima, ben, ben, perdón, iso non quere dicir que por ser ínfima haxa que subilos. Pero si desmonta a súa gran teoría, dos últimos 8 anos ou 12 anos, que o Concello da Estrada era o concello de máis presión fiscal comparativa, a pesar que o Señor Manolo Arca lle sacaba gráficos e que non era así e vostede bumba e entón claro e agora vén iso e descolócaa un pouco non, pero vai na mesma liña, vai na mesma liña, perdón eu estiven correctamente coa débeda, ¿acórdase de que dicía que o Concello da Estrada?, a débeda, que está arruinado, hipotecado de futuro, para pagar, que non hai por onde collelo, e resulta que no primeiro orzamento que presenta este Grupo de Goberno, hai un informe da Alcaldía dicindo que a débeda do Concello é ínfima, entón cando agora co tempo*

pénsanse as cousas, mire, tamén me fai graza, e despois vouna felicitar, así como agora estou dándolle un pau benévolo, tamén me fai graza ou fainos graza o tema de que está no Departamento de Facenda facendo un esforzo continuo por preparar este Concello para os retos do futuro, pero se cada día temos máis gasto corrente e máis gasto de persoal. Entón onde esa política de control, efectivamente non a hai, mire. Pero vouna felicitar, paréceme coherente a súa postura, é a súa, documentada, traballada, ¿Pero sabe porque está traballada? Porque vostede estivo ata hai 4 ou 5 meses estivo formando parte das comisións de negociación ou estivo nelas e como parte do Grupo de Goberno, como grupo de facto do Goberno, tiña toda a información necesaria para ter esa información, nós non a temos, nós non a tivemos e pedímola. Por tanto ben, pero que cada un tamén que aguante o seu pau. Mire, nós temos que denunciar unha vez máis, que o Goberno néganos toda a posibilidade de participar activamente e de forma construtiva neste tema fundamental e noutros, levámolo denunciado reiteradamente, fixémoslo co Plan Xeral, fixémoslo agora coa RPT etc. E dicimos que se nos nega a posibilidade porque entendemos e xa o dixemos antes que este é un documento de vital importancia para todos, para eles, e para o Concello da Estrada, para os cidadáns da Estrada. E por tanto entendemos que se é de vital importancia debemos achegar todos, debemos todos contribuír, a mellorar un documento que se nos presenta. Tamén somos conscientes de que os funcionarios da Estrada, están por debaixo do nivel salarial doutros concellos de Galicia, somos conscientes, tamén temos que dicir xa no 2006 había un preacordo cos funcionarios para tratar de recuperar o seu poder adquisitivo a través dunha RPT e diríamos un RPT pero baseada en termos reais, baseada en termos de RRHH actuais, porque hoxe temos claro e tiñamos naquel momento é que aumentar dun xeito desorbitado o capítulo de persoal vai de detrimento dos propios funcionarios e podemos atoparnos, poderíamos atoparnos que no ano 2015 pois os funcionarios non cobren. Porque resulta que chega un alcalde, chega un iluminado, que veremos quen será, chega un iluminado, e di: non como a RPT me permite crear 62 prazas novas, imos colocar 62 persoas máis, e polo tanto en vez de ter un custe salarial ou persoal de cinco millóns cento e pico que se prevé para o 2015, teremos seis millóns e pico de soldo en gasto de persoal. Mire por tanto somos conscientes de que é necesaria esa RPT tamén, para regular esas funcións e por tanto tamén adaptar ou mellorar o poder adquisitivo ou os recursos diñeirarios ou salariais que percibe cada traballador. Por iso nós deixando duna vez, este dereito dun xeito moi claro, nós pedimos unha documentación na Comisión de Organización. Pero ademais, solicitamos aquí neste Pleno en máis dunha ocasión, solicitamos aquí en máis dunha ocasión, cando escoitamos na prensa que se estaba negociando unha RPT, dicíamos aquí, que criamos que este documento coa importancia que ten para o Concello da Estrada, sería necesario e conveniente e bo para todos, para a saúde de todos, que se nos fose dando esa información, ata hoxe. É mais a última vez que se pediu o Señor Espiño contestoume: vostedes terán a RPT cando corresponda unha vez negociada cos sindicatos, para debater en Pleno, ben aquí a temos, perfectamente. Tamén lles dixemos en máis dunha ocasión, que este documento había que chegar a el a través dun consenso, que era un proxecto que tiñamos que estar todos de acordo, claro xa sei como vostede entende o consenso señor Dono, o seu consenso. Por iso nós nos Orzamentos do 2009, fixemos unha proposta moi concreta e clara na que pedíamos un sacrificio aos funcionarios pola crise económica que está a padecer o país e que polo tanto unha subida salarial desorbitada non ía ser entendida pola cidadanía. Pero nese mesmo acordo aquí, ou nesa mesma emenda que presentamos aquí dicíanos que, pedíamos o consenso ou o compromiso das 4 forzas políticas que había naquel momento en comprometerse anos 2010, 2011, 2012 e creo que 2013, creo que eran 4 anos, resolver o problema da RPT e a asignación salarial dos funcionarios. Vostedes dixéronnos que estabamos tolos, por tanto consenso pedíamos e despois de solicitar tamén na comisión como dicía antes de

organización documentación que nos aclarase, porque nós non tiñamos documentación ningunha máis que, eu non vou cualificar estas que eu non as vou cualificar, estas páxinas, é igual, cento duascenas páxinas pediamos unha serie de datos que entendiamos que eran precisos para nós facer un posicionamento. Primeiro tende en conta que había un informe de Intervención moi claro nunha liña dicíamos botamos de menos cando menos unha proposta da Alcaldía, por tanto, unha proposta política, a sabendas da creabilidade que iso podía ter, na que se indicase claramente de onde ían proceder os recursos que se van a destinar a esa RPT. Creo que parece algo razoable, lóxico e esencial. Tamén dicíamos, preguntabamos cantas prazas novas, de nova creación contemplaba a RPT, e entón aquí, vostede creo que estaba na comisión, ¿estaba vostede na comisión? ben, para ver o que pasou, e dicir que un membro do Goberno dicía 55 o outro dicía 58 e eu tiven que dicirle non son 62, despois díxome que eran 60 porque 2 estaban repetidas, vale podían ser 62. Logo preguntabamos tamén que se nos aclarase os 850.000 €, que contemplaba que era o único dato económico que había na proposta, se afectaba soamente ao persoal de subida salarial ao persoal actual, ou implicaba toda a posta en marcha da RPT e xa nos dixó que non claro, que era soamente para os 116 que son aproximadamente funcionarios e persoal laboral deste Concello, entón nós dicíamollas ben pois entón díganos fágannos números e díganos que custo tería para o Concello da Estrada, se sé cubre na súa totalidade a RPT, que é un dato que hai que ter tamén en conta., aínda que soamente sexa como referencia, pois mire, temos que dicir que a día de hoxe, agora son as 22:30 da noite, non se nos deu esa información. Por tanto nós non estamos en condicións de emitir un voto claro nun sentido ou outro. E vou rematar porque non vou entrar no fondo da cuestión por esa falta documentación mire, é certo e é lóxico que o Goberno é o que ten que negociar cos sindicatos, que debe negociar cos sindicatos, pero tamén é certo que os sindicatos deben buscar o apoio ou polo menos trasladarlles as súas propostas aos concelleiros da oposición porque en definitiva os que imos ter que votar aquí nun sentido ou noutro imos ser nós, e polo tanto deberíamos ter esa documentación. Como as condicións que se dan son as que se dan, nós evidentemente non imos emitir o voto favorable á RPT. Polo exposto, porque cremos que faltou tacto por parte do Goberno, cando menos por parte do Goberno, persoalmente creo que tamén faltou tacto por parte sindical, pero en fin, non están obrigados, pero si o Goberno está obrigado a neste tema buscar un punto de encontro e eu estou seguro, por parte, polas nosas persoas houberamos chegado a acordos bos para todas as partes, e de non darse así evidentemente nós non podemos ser cómplices nin activos nin pasivos, de algo no que se nos ignora e por tanto, quen teña que asumir a responsabilidade que a asuma, e nós asumiremos a nosa, en non dar ese voto favorable.

Sr. Espiño, do PSdeG – PSOE: Hoxe como andabamos de aforismos, xa oín por algún lado o mesmo pois vou usar un máis, que cada un fala da feira segundo lle vai nela. Os que non falaron foron os traballadores, pero en calquera caso, miren señores concelleiros vou refugar de todo o ámbito as alusións, en calquera caso, dicir unha cuestión, se é unha sorpresa que viñese a RPT, e non no la traía preparada maldita porque para o tempo que lle dedicamos, se a chega traer preparada, tomabamos aquí o café con leite das 8:00 da mañá. Pero en calquera caso o que si me parece sorpresivo e inxustificable, é dende logo que desde os grupos da oposición se entremetan vostedes nas responsabilidades de cada un dos concelleiros deste grupo político e do Goberno. En calquera caso o funcionamento interno deste Grupo correspóndelle ao propio Grupo e non é vostede quen para valorar valorar, nin vostede nin ninguén quen para valorar como funciona isto. Funcionará mellor ou peor, admitiranse todas as críticas, pero en calquera caso non se admite unha intromisión doutros grupos igual que eu non me meto quen ten que

tomar as decisións no grupo Partido Popular ou no grupo non adscrito, ou no grupo do BNG, evidentemente cada grupo ten a súa propia autonomía, en calquera caso, o que si parece, desde logo, mal medido son cualificativos con chapuza, barbaridade, que evidentemente entran en contradicións, entra en contradicións, porque vostede está cualificando este documento e a súa elaboración, como de chapuza e barbaridade, cando foi aprobado por unha unanimidade, por toda a Mesa de Negociación, se desde logo vostede quere facer unha carga política, diga que foi unha chapuza e unha barbaridade, por parte do grupo que ten a representación de persoal, pero oiga que foi aprobado por unha unanimidade na Mesa de Negociación e está o documento que obra na súa man, ten aí a copia asignada por todos os traballadores. Tamén parece que establece unha gran preocupación o feito de vai afectar a tres corporacións, ou a máis, pode afectar a máis, sacando os dous primeiros anos onde hai unhas cantidades fixas asignadas e están xa consignadas con anterioridade, pois non vai, non vai representar nada que non vaia ser aprobado na Mesa de Negociación e evidentemente por este Pleno. En calquera caso non se preocupou vostede porque se alguén se pon a soga ao pescozo vai ser o alcalde e vai ser o mesmo agora, no 2011, que o 2015 por tanto señor alcalde está vostede segundo a oposición condenando o seu futuro e hipotecando o seu pescozo. Ben, como hoxe falabamos de aforismos e de similitudes, de símiles, o señor López, por virnos moi futbolero, pois en calquera caso, en calquera caso, aquí non se intenta marcar ningún gol en fóra de xogo, nin de penalti no último segundo, nin pedirlle o señor Wet, ese que pitou onte, pois que nos faga ningún favor sorpresivo á hora de terminar e aplicar o regulamento. Aquí fíxose un documento con luz taquígrafos, con luz taquígrafos, se a vostede lle chogou con retraso asumo persoalmente a responsabilidade e así llo dixen na Comisión, non era esa a miña intención, a miña intención era que chegara, pero teño unha responsabilidade clara de non ter feito un seguimento exhaustivo dela, e iso si está clarísimo. Pero en calquera caso, tamén sobre as afirmacións que se facían aquí, este Goberno vai á deriva despois de dous anos redactando na RPT, mire unha cuestión, isto recomendóuselle no 2008 á USC, a Universidade mandouno a mediados do 2009, a partires de setembro do 2009, estívose negociando intensa e arduamente como dixen no seu momento, para chegar a este documento final asinado por unha unanimidade, e se este Goberno vai á deriva quere dicir que aos anteriores pasoulles como ao Titanic, naufragaron e fundíronse, porque se pasaron anos e anos, intentando sacar un documento que realmente, non foron capaces. Cara a hora de valorar a peso como se dicía que algún catedrático valoraba os exames tirándoos se caían encima da mesa ou fóra, ou en función da cantidade da tinta gastada, home, non se valora un documento polo número de páxinas que teña, senón pola calidade que teña e dixen que me parecía un documento serio, solvente, feito por un equipo competente, e avalado ademais por outras RPT de Concellos como nós e outros máis, que terá ausencias e lagoas que serán subsanables. En calquera caso, os requisitos básicos que debe contemplar unha RPT, como son o organigrama, a determinación das funcións e a valoración dos postos de traballo, si constan na mesma, non constarán como pretende algún grupo da oposición, que estean detalladas minuciosamente por prazas, non contempla persoas, contempla postos de traballo e o dixen claramente cal era a aritmética que había que aplicar 24 € por cada punto de complemento específico e dábanos claramente canto ía cobrar cada un dos posto de traballo e evidentemente no CD, que no menos significativo, na evolución da RPT, pois hai que aplicar entre os 23 aproximadamente euros que ten un AP, e os 33 que ten un de nivel 30, e así de fácil é. Pero en calquera caso quero reiterar, quero reiterar que poñerse a valorar un documento, polo número de páxinas, cando se pagaron 12.000 €, pois non as vou contar, por unha simple valoración de postos de traballo, por unha simple valoración de postos de traballo, e este entendo e reitero e non continuamos máis coa mesma por que sería volver a traer. En calquera caso aclarar unha cuestión non

podemos coller os informes como dogma de fe e resulta que nun apartado entendemos que é unha opinión e no outro non é unha opinión. Se hai opinións no informe eu entendo tamén e é respectable a opinión da interventora en dicir que soamente se podía subsanar e facerlle fronte á RPT cun incremento dos tributos esa é unha opinión, é unha opinión dun técnico que considera e abre unha vía por aí, que non a vai subir este Goberno nin a vai subir o próximo goberno porque evidentemente é o que se vai a afrontar no 2015 ás seleccións outra vez e espera gañalas. Pero mire para rematar, evidentemente, vostede mesmo dixo un documento que vén desde atrás do 2006 había un compromiso cos traballadores de dedicar xa ipso facto 300.000 € para esta RPT automaticamente se no 2006 aplicáramos os 300.000 € hoxe teríamos que aplicar menos cantidades, polo tanto, os incrementos que representa e nas prazas novas, por aclaración lle quero dicir que tamén llo dixen alí, por aclaración das prazas novas non había dúbidas entre o Grupo de Goberno de cantas había e de cantas eran. Cando eu dicía cincuenta e pico e eu lle expliquei era porque algunha das prazas novas creadas vostedes saben cal era o procedemento para buscar a posibilidade promocionar determinados traballadores que están por baixo das funcións que están a realizar, había que crear novas prazas porque a RPT non pode promocionar a ninguén. En calquera caso, e xa para finalizar, reitero o mesmo temos diante da mesa e diante de vostedes un documento necesario, válido, solvente, feito por prescricións legais e por voluntariedade deste Goberno que vai dar resposta claramente á organización e á optimización do RRHH do Concello e resposta a unha demanda histórica dos traballadores, cada quen evidentemente ten a responsabilidade de opinar o que queira e de tomar as decisións pero estamos no momento histórico para os traballadores de este Concello que ven por fin plasmada unha demanda vella e que pode ter resposta precisamente se este documento sae adiante. Polo tanto que cada quen asuma a responsabilidade que lle corresponde, este grupo xa o asumiu elaborando, redactando e consensuando cos sindicatos e desde logo a intención era tamén que vostedes tivesen en tempo ese documento vital para que puidesen facer as achegas que se consideran necesarias, pero asumo a plena responsabilidade e polo tanto tamén digo que cada quen asuma a mesma e este asunto está visto para sentenza, esperemos que positiva e como corresponde ás expectativas creadas no mesmo.

Sr. López Campos, do PP: *Señor Espiño, eu creo, que non me mal interprete as miñas palabras, pero pouco decente politicamente é que se veña desculpar vostede no minuto 94, pola patada do minuto un que lle deu ao mellor xogador do equipo e lle parteu a perna, a min non me valen esas desculpas. Vostede partiulle a perna e pague as súas consecuencias, e vostede non me veña aquí agora a desculpar que un retraso de dous meses asume vostede a súa responsabilidade pero a oposición estivo coartada nos seus dereitos e desde logo non tivo posibilidade ningunha de acceder nin de participar en absoluto neste documento e non por un despiste Sr. Espiño, e non por un despiste, xa son moitos anos e xa sabemos como as gastan, e sabemos que o que é meramente casual non existe neste Goberno, nada é casual, e vostede sábeo, xa estamos moi escocidos e xa son moitas batallas e xa sabemos quen é quen nisto, entón, eu creo que a ese nivel vostede non ten xustificación, nin defensa, outra cousa é que intente vir aquí representar un papel como o fai habitualmente, pero o que e, os feitos son os que son e son incontestables. A verdade é que a súa intervención me deixou realmente sorprendido, porque olvidouse dunha cousa importante ou cando menos importante, ou para nós é importante, teñen un socio do goberno que lles acaba de dicir que vai votar en contra da RPT. Non lle oín en 20 minutos facer nin unha soa referencia ao seu socio de Goberno a responsabilidade é do PP a culpa é do PP, como sempre, como todo neste Goberno, a culpa de todo tena o Partido Popular, vostedes balón adiante e a correr, e sálvese quen poida e vostedes están facendo un exercicio político de*

sálvese quen poida e vostede nun esforzo unha vez máis neste papelón que lle tocou interpretar hoxe, curiosamente en vinte minutos de intervención non se acorda de facer nin unha soa mención ao grupo político que sustenta ao seu goberno, e que lle acaba de dicir un non en todas as súas narices, acáballe de dicir señor Espiño, señores socialistas, o BNG, que vai con vostedes no mesmo barco báixese do barco porque non quere participar nesta desfeita que está facendo o Goberno e vostede non fai nin unha soa mención, curioso, cando menos curioso, polo menos. Pero aquí o inimigo está claro quen é, entón a cargar as tintas contra o Partido Popular e a falsear as miñas declaracións que é persoalmente e que o coñezo dende de hai moito tempo que é o que máis me doe, que se estea habituando a falsear as miñas palabras, e o repito para que quede claro, recoñecín publicamente o esforzo e o traballo feito polos sindicatos, funcionarios e políticos que participaron na RPT, recoñecino, e o dixen publicamente, e vólvoos dicir, recoñecín o esforzo e a dificultade, de sacar adiante un documento tan importante como este, e recoñezoo tamén porque sei da dificultade que ten, a quen cualifiquei de chapuceiro é a vostedes, a vostedes, de chapuzas absolutos, pero é que non é unha chapuza, isto é unha chapuza monumental señor Espiño, vostedes meten pola porta de atrás, quérennos coar un gol pola porta de atrás. Vostede introduce un debate sobre unha RPT un documento como xa dixen antes que tiña tres cartas marcadas e a cuarta que lle dixen antes que lle diría cal era estaba claro, cal era a cuarta carta marcada, o BNG non é inimigo, pasamos del e atacamos ao Partido Popular que son os nosos inimigos, e vostede xoga coas cartas marcadas, desde o principio ata o final e polo tanto quere buscar unha complicidade, pero unha complicidade a base de paus, como cando ías coa marela dándolle coa vara detrás do cu, e seguramente esa non sexa mellor forma de facelo, e se ten que pedir responsabilidades será a un socio que comparte con vostedes moitas cousas que está sustentando un Goberno e que se desmarca claramente de vostedes e din que con vostedes non queren ir a ningún lado, con esta RPT, esa é a realidade, e esa é a esencia deste problema, e a esencia de este debate senón evidentemente farían gala aquí vostedes da súa soberbia política habitual, da que fixeron gala moitas veces, eu ao PP non o necesito para nada, e vós facede o que vos dea a gana que nós temos maioría para facer as cousas, a gala esa gala demócratas e de negociadores da que vostedes carecen en toda e cada unha das súas decisións e claro empeza a preocupar cando ven que ao mellor non son tan valentes como pensaban, e cando se lle torce o escenario e se lle torce e se lle cambian as condicións do terreo de xogo, na que vostedes tiñan pensado xogar, pero claro agora non busquen culpables, nós cando estaban en capela, cando os noivos estaban en capela advertímosllo non cansen están a tempo aínda non casen van ter problemas este é un matrimonio difícil, viven mellor separados que xuntos, a vida matrimonial é moi complicada e claro os padriños dixéronlle pensádeo dúas veces non o fagades, pero os noivos valentes tiveron un enlace matrimonial, e agora teñen esta desventura amorosa diante de todos os veciños da Estrada e un problema no que desde logo pois entendemos que teñan a súa repercusión. Pero claro ao Partido Socialista non lle interesa, seguramente prefira vender a súa exclusiva nunha revista do corazón, antes de recoñecer a problemática actual na que se atopan e vostedes teñen un problema, que pasa, que é máis fácil cargar as culpas e as responsabilidades nos que estamos deste lado, nos que non participamos, aos que se nos ignorou constantemente, aos que se non marxinou e todo se arranxa cun síntoo cariño esquecino, non por favor Señor Espiño hai que ser algo máis serio e hai que traballar e cando un ten unha cousa desta importancia nas mans, pois ten que saber ao que se está xogando, e ten que saber asumir que cando un fai as cousas mal o normal e o lóxico cando un Goberno o fai mal, o final o resultado non sexa o adecuado. Con respecto ao BNG, eu creo que o seu discurso é o que lle queda defender, non ten outra solución esta claro que a súa situación agora mesmo despois dos esperpentos pasados que montou por determinadas

decisións que se tomaron neste Concello está atado de pés e mans, non son autónomos para tomar decisións, está claro que hai unha cuarta marcada, a cuarta carta que dixen eu antes, non nos pisemos os callos, ti non te metas comigo eu non me meto contigo, e aquí todos amigos e iso si a Lei de augas o PP o culpable de todo o PXOM e seguimos, seguimos con ese discurso reiterativo e ao final nunca tampoucos van facer tanto nun concello, pódollo asegurar, que debe ser dos poucos exemplos que hai en Galicia, dos 315 concellos debe ser o único Concello onde 7 concelleiros son capaces de marxinar, de prexudicar, de obstaculizar a un Equipo de Goberno formado por 12, debe ser a primeira vez que pasa isto. Dende logo é unha desculpa que se sae, que se cae por si soa e desde logo está claro que llo dixen no seu momento e repítollo, asumimos con responsabilidades as decisións que temos que tomar. Sabemos e expuxemos cales son as diferenzas importantes que temos co traballo, neste caso concreto que fixo o Partido Socialista, non podemos estar de acordo en moitos dos aspectos que se entran tanto no fondo, como na forma e polo tanto eu creo que como dicía o compañeiro Reboredo, nós tampouco podemos emitir un voto favorable a esta RPT, e desde logo sendo consecuentes e sensatos coa nosa postura e co discurso que acabamos de facer e sobre todo pos co que acabamos de poñer enriba da mesa polo tanto esperamos ao traballo do Goberno e esperamos que vostedes dean un paso adiante e a partir de aí pois como sempre xa xo dixen máis dunha vez, aí encontrarán ao PP.

Sra. López Doce, do BNG: *Simplemente matizar dúas cuestións; a primeira que o informe de Intervención no punto “G” breve análise das fontes de financiamento do Concello da Estrada, onde analizan a asunción por parte do Concello da Estrada os efectos económicos da RPT supón unha montante final aproximado de 800.000 € será aplicado de xeito progresivo na maneira indicada a proposta da Alcaldía e terá que ser financiada con recursos correntes e así tras a evolución descendente das transferencias correntes capítulo 4 nutridas fundamentalmente coa participación en ingresos do Estado analiza desde o ano 2006-2011 o importe destas transferencias. A continuación, como sinalabamos e tras observar esta evolución negativa dos tan significativos recursos correntes, parece que a clave estará en incrementar os tipos impositivos nos diferentes tributos locais, di a continuación e isto, eu permítome a licenza de interpretalo como unha opinión antes de entrar no análise dos recursos de carácter tributario cómpre salientar a ínfima presión fiscal existente no Concello da Estrada, debido á mínima expresión legal dos tipos impositivos previstos na lexislación, veremos en cada recuso a regulación actual polo Concello e mediante ordenanzas e a posibilidade legal e fixación dos mesmos e despois entra na análise pero este informe á parte destes apartados ten un final determinante que e o das conclusións xurídicas, onde se remite no apartado “E”, á necesaria suba dos impostos municipais, para sufragar a RPT. Tamén quero indicar que a emenda que anunciou o Grupo Socialista a inicio deste debate non resolve absolutamente nada introducir que nas anualidades 2012 e 2013 se vai a proceder a unha negociación non modifica nada e iso tenlle que quedar claro a todo o mundo, porque en 2012 o salario ao que teñen dereito os traballadores municipais é o que se fixe na RPT, que se se aproba hoxe coas correspondentes incrementos e revisións do IPC é dicir que iso de a negociar non serve de nada, non se establece que se o Concello non ten capacidade económica e só lle queda a vía de recorrer á suba de impostos municipais se conxela a relación da RPT, en vez de 6 anos se aplica en 12 ou en 15 iso non figura na proposta do Partido Socialista e desde logo , esta decisión que se pode aprobar hoxe non vai condicionar o Goberno Municipal do próximo mandato e do seguinte que é nos que previsiblemente se vai a aplicar a RPT, vai condicionar a todos os Gobernos Municipais que teña este Concello no futuro.*

Sr. Espiño, do PSdeG – PSOE: *Xa para rematar, na máxima xa que estamos de aforismos e errare humanum est, e rectificar será dos que cometeron erros, evidentemente eu non pedía a absolución, non pedía a absolución, xa sabía que non se me ía dar, pero en calquera caso, quero deixar claro que non é a intención deste grupo responsabilizar a ninguén deste tema, nin trasladarlle a responsabilidade de quen, só dixen que cada quen terá que asumir a responsabilidade que se adopte aquí, nós temos unha responsabilidade cos cidadáns e cos traballadores, cos traballadores e cos cidadáns, e non van ser os traballadores sempre os que paguen os males deste concello evidentemente, polo menos pola nosa parte. Como hoxe iamos de aforismos, de futboleros, de símiles e de vitimismo pois ata chegamos a establecer as relacións matrimoniais e conxugais e maritais e extramaritais e demais, mire unha cuestión, non se preocupe vostede tanto da situación deste matrimonio, home non está como están outros firmes, sólidos, estables, imos que parecen electro soldados, parecen electro-soldados, non dixen iso, digo, digo porque ás veces confundimos o baleiro co espello, o espello sempre nos dá unha imaxe real pero invertida e non é a mesma imaxe un matrimonio sólido porque claro, confrontadas, non hai máis palabras. Só digo, o traballo da RPT está feito, e está feito por expertos, por técnicos da USC do Departamento de RRHH da Universidade de Santiago, que hai un organigrama claro y unhas funcións claras de cada un dos postos do traballo, que evidentemente ten unha determinación de melloras salariais para distintos postos de traballos, que hai un acordo unánime cos sindicatos para a aplicación de forma que non sexa gravosa para o Concello e se poida facer función dos recursos que vaia obtendo isto e agora o único que fai falta é a vontade política para a súa aplicación, e este grupo ten vontade política para aplicar no 2010 esta RPT. Nada máis señor alcalde*

Sr. Alcalde: *Pois 30 segundos.*

Sr. Reboredo Baños: *Facía vostede referencia que para chegar aquí de sorpresa e encontrar aquí con este ambiente, ben con este ambiente, con esta situación, de sorpresa que temos moi preparados é que nós coñecemos e os rumores andan pola rúa, entón por se acaso fixemos algo os deberes, por se acaso e mire, home é curioso que vostede xustificou que na RPT fixo un traballo serio, sólido, responsable, entón eu preguntome: por que á nosa man chegou un documento nunha fase previa que si tiñan datos económicos de todo o persoas e o que supoñía ese incremento?, que pasa eses documento desapareceu?, sacouse da RPT?, entón se estaba feito, que pasa que agora non vale?, e qué, porque se quitou ese documento?. Pois a nos houbéranos facilitado ese traballo. Mire e para rematar, posicionado o noso voto de que non vai ser favorable, polo que dixemos anteriormente, mire estamos convencidos de que esta RPT negociouse mal, en tres partes, e negociouse en base a dúas premisas, eu douche pero ti permítesme, e aí está o erro desta RPT, é dicir unha RPT para o Concello da Estrada negociado cun incremento de postos de traballo de 62 persoas, é inasumible, pónase vostede como se poña e aí foi onde posiblemente os sindicatos tiveron que dicir que para nós entrar aquí no reparto salarial lícito e digno pois temos que facer outras concesións que lles interese aos que están gobernando e iso é o que fai imposible esta RPT.*

Sr. Alcalde: *Creo que está suficientemente debatido ao respecto, só quero aclarar, despois do que se dixo aquí unha circunstancia antes da votación. Este punto apróbase por maioría simple, polo tanto se alguén considera que isto é nefasto, que está hipotecando o Concello, debe votar en contra, e digo isto porque temos que ser todos conscientes do que estamos facendo á hora de votar.*

Sometido a votación o ditame da Comisión de Organización celebrada o 29 de outubro de 2010 relativo á Proposta de RPT e Orgnigrama de Postos de Traballo , resultan nove votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites) e once votos en contra (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto, Loureiro Méndez, Vicente Vicente e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría absoluta a moción é rechazada.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS. Non se realizan rogos nin preguntas.

Non habendo máis intervencións e preguntado polo Sr. Alcalde se algunha persoa do público asistente desexa intervir, levántase a sesión ás vinte e tres horas e trinta minutos.

A Estrada, 4 de novembro de 2010

A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito